2017

# 2

# MERCADO DE TRABALLO E RELACIÓNS LABORAIS


2.1. Actividade, ocupación e desemprego

2.2. Custos e salarios

2.3. Relacións laborais e formación

# 2.1. Actividade, ocupación e desemprego

No ano 2017 a economía galega mantivo o ritmo de crecemento a unha taxa interanual do 3,1% ( índice de volume encadeado), o que se trasladou á creación neta de 12.100 empregos e á redución do desemprego estimado en 19.800 persoas.

Tal como ven acontecendo, o incremento do 3,1% do PIB en Galicia non consegue frear o descenso da poboación activa, que en 2017 foi do 0,6% respecto ao ano anterior, o que supón 7.800 persoas activas menos.

O dinamismo da economía galega reporta efectos positivos no mercado de traballo, así as contas económicas de Galicia reflicten un crecemento interanual do 1,8% nos postos de traballo equivalentes a tempo completo, porcentaxe similar ao estimado pola EPA no caso da poboación ocupada un 1,2% (12.100 ocupados máis), en tanto que as afiliacións en alta laboral á Seguridade Social medran un 2,1% (20.179 afiliacións máis); máis estes datos positivos deben matizarse tendo en conta que algúns indicadores de ocupación reflicten crecementos inferiores aos do ano anterior así como por debaixo da media estatal.

A poboación parada estimada pola EPA descende no último ano un 9,2% e o desemprego rexistrado no Servizo Público de Emprego un 8,6%, en ámbolos dous casos porcentaxes inferiores ás rexistradas no ano 2016. Tendo en conta que o paro de longa duración representa máis da metade do paro galego (55,5%), é especialmente relevante destacar que no ano 2017 a poboación parada de longa duración, aquela que leva máis de 12 meses na procura de emprego, se reduce en 17.300 persoas en relación ao ano anterior (13,7%), así como tamén a poboación parada maior de 45 anos, onde o desemprego se reduce en 3.300 persoas (4,2%).

A evolución da poboación activa e a mellora da ocupación, derivan nunha taxa de paro en Galicia do 15,7% (17,2% en España), 1,5 puntos inferior á estimada en 2016.

### Afiliacións á Seguridade Social

O número medio de afiliacións ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no ano 2017 acadou as 977.693, o que supón un incremento interanual do 2,1%, inferior

**Mercado de traballo 2008-17: principais indicadores**

| | 2008 | 2015 | 2016 | 2017 | 17/16 | 17/08 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | *(en miles de persoas)* | | | *(%)* | |
| **Afiliados á Seguridade Social** | 1.072,5 | 941,2 | 957,5 | 977,7 | 2,1 | -8,8 |
| **Poboación maior 16 anos** | 2.401,1 | 2.358,2 | 2.349,8 | 2.341,9 | -0,3 | -2,5 |
| **Poboación activa** | 1.314,8 | 1.260,7 | 1.256,1 | 1.248,3 | -0,6 | -5,1 |
| **Poboación ocupada** | 1.201,2 | 1.017,2 | 1.040,6 | 1.052,7 | 1,2 | -12,4 |
| **Poboación parada** | 113,6 | 243,4 | 215,4 | 195,6 | -9,2 | 72,2 |
| **Poboación parada moi longa duración** (1) | 14,7 | 105,3 | 93,6 | 80,5 | -14,0 | 448,6 |
| | | *(%)* | | | *(puntos porcentuais)* | |
| **Taxa de actividade** | 54,8 | 53,5 | 53,5 | 53,3 | -0,2 | -1,5 |
| **Taxa de ocupación** | 50,0 | 43,1 | 44,3 | 45,0 | 0,7 | -5,1 |
| **Taxa de paro** | 8,6 | 19,3 | 17,1 | 15,7 | -1,5 | 7,0 |
| **Taxa de paro xuvenil** *(menores 25 anos)* | 21,1 | 43,6 | 40,3 | 34,5 | -5,8 | 13,5 |
| **Taxa de temporalidade** *(%)* | 30,4 | 25,4 | 26,2 | 27,0 | 0,8 | -3,4 |
| | | *(en miles de persoas)* | | | *(%)* | |
| **Paro rexistrado** | 162,5 | 233,4 | 212,6 | 194,4 | -8,6 | 19,6 |
| **Contratos iniciais indefinidos** | 46,4 | 40,7 | 45,2 | 49,6 | 9,6 | 6,8 |
| **Contratos iniciais temporais** | 706,1 | 813,0 | 897,2 | 970,0 | 8,1 | 37,4 |
| **Contratos convertidos en indefinidos** | 41,7 | 24,2 | 28,5 | 33,4 | 17,2 | -19,9 |

**(1) máis de dous anos**
Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE e Ministerio de Empleo y Seguridad Social

## 2.1. 1.

ao incremento do 3,5% no conxunto estatal. O número de afiliados en alta na Seguridade Social mantén unha tendencia de crecemento dende o ano 2014, incremento que non compensan as perdas sufridas no período 2008-2012, existindo en Galicia no ano 2017 un 8,8% menos de afiliados en alta que os rexistrados en 2008, unha porcentaxe que é o dobre da que se observa no conxunto do Estado (–4,1%).

No período 2008-2013 a perda de afiliación tanto en Galicia como no conxunto do Estado foi similar, en torno ao 14%, máis a capacidade de recuperación do emprego en Galicia, medida en termos de afiliacións anuais medias, é inferior á do conxunto do Estado; no ano 2017 Galicia recuperou 5,6 puntos porcentuais da afiliación perdida fronte aos 10,1 puntos recuperados de media en España. En termos absolutos, a perda de afiliacións acaecida nos anos de crise económica superou as 155.000 (5,7% do total estatal), recuperando 60.300 afiliacións (3,1% do total español).

A provincia de Pontevedra foi a que sufriu o maior impacto da crise, cunha perda de 18 puntos porcentuais entre 2008 e 2013 (44.400 afiliacións menos) recuperando só 24.400 afiliacións, o que indica que na provincia de Pontevedra en 2017 hai 68.700 afiliados menos que en 2008. No período 2008-2013 a provincia da Coruña perde 54.700 afiliados, recuperando 25.100 no período 2014-2017. De xeito que no ano 2017 a provincia de A Coruña ten 26.900 afiliados menos que en 2008.

Nos últimos catro anos, as catro provincias galegas incrementan o volume de afiliados á Seguridade Social, sendo a provincia de Pontevedra a que o fai a un maior ritmo. O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao ano anterior nas catro provincias galegas. Pontevedra é a que presenta un maior incremento interanual cunha taxa de variación do 2,6% e 8.500 afiliacións máis, seguida de A Coruña, cunha taxa interanual do 2,2% e 9.000 afiliacións máis. Lugo rexistrou unha taxa do 1,3% e 1.500 afiliacións máis e Ourense é a provincia cun menor incremento relativo e absoluto, cunha taxa do 1,1% e 1.100 afiliacións máis. Máis das tres cuartas partes do total de afiliacións en Galicia está concentradas nas provincias de A Coruña e Pontevedra (**cadro 2.1.2.**). Desagregando por concellos, o número de afiliados nos sete grandes concellos de Galicia (A Coruña, Vigo, Pontevedra, Vilagarcía, Ourense, Lugo e Ferrol) mantense estable nos

**Afiliados en alta laboral na Seguridade Social en Galicia e España 2008-17 (1)**

| | Galicia | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | España | Galicia /España |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | *(en miles de persoas)* | | | | *(%)* |
| **2008** | 1.072,5 | 445,9 | 133,1 | 111,4 | 382,1 | 19.005,6 | 5,6 |
| **2009** | 1.034,5 | 433,5 | 129,4 | 108,6 | 362,9 | 18.020,5 | 5,7 |
| **2010** | 1.012,8 | 426,9 | 126,8 | 106,7 | 352,4 | 17.670,4 | 5,7 |
| **2011** | 985,9 | 417,2 | 124,3 | 104,4 | 340,1 | 17.433,2 | 5,7 |
| **2012** | 946,2 | 402,4 | 119,3 | 100,4 | 324,2 | 16.853,2 | 5,6 |
| **2013** | 917,4 | 391,2 | 114,8 | 98,0 | 313,4 | 16.299,5 | 5,6 |
| **2014** | 921,8 | 393,9 | 115,0 | 98,2 | 314,8 | 16.556,0 | 5,6 |
| **2015** | 941,2 | 402,6 | 116,8 | 99,2 | 322,6 | 17.087,3 | 5,5 |
| **2016** | 957,5 | 410,0 | 118,4 | 99,9 | 329,2 | 17.600,8 | 5,4 |
| **2017** | 977,7 | 419,0 | 119,9 | 101,0 | 337,7 | 18.222,5 | 5,4 |
| | | | *(taxas de variación interanual)* | | | | |
| **17/16** | 2,1 | 2,2 | 1,3 | 1,1 | 2,6 | 3,5 | |
| **17/08** | -8,8 | -6,0 | -9,9 | -9,3 | -11,6 | -4,1 | |

**(1) datos anuais: en medias anuais**
Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Afiliación de trabajadores a la Seguridad Social*

## 2.1. 2.

**Afiliados en alta laboral na Seguridade Social 2008-17 (1): distribución segundo réxime**

| | 2008 | 2016 | 2017 | 17/16 |
|---|---|---|---|---|
| | | | | *(%)* |
| **Total** | 1.077.918 | 957.515 | 977.694 | 2,1 |
| **Réxime Xeral (2)** | 790.747 | 719.915 | 741.810 | 3,0 |
| **agás S.E. Agrario e R.E.E. fogar** | 790.747 | 687.214 | 708.998 | 3,2 |
| **S.E. Agrario** | - | 5.157 | 5.367 | 4,1 |
| **S.E.E. Fogar** | - | 27.545 | 27.445 | -0,4 |
| **Réxime Especial Autónomos** | 236.669 | 216.421 | 214.563 | -0,9 |
| **non S.E.T.A** | .. | 189.337 | 188.696 | -0,3 |
| **S.E.T.A** | .. | 27.084 | 25.867 | -4,5 |
| **Réxime Especial Agrario** | 4.480 | - | - | - |
| **conta allea** | 4.480 | - | - | - |
| **conta propia** | - | - | - | - |
| **Réxime Especial do Mar** | 25.563 | 21.179 | 21.320 | 0,7 |
| **conta allea** | 14.385 | 11.725 | 11.805 | 0,7 |
| **conta propia** | 11.178 | 9.454 | 9.515 | 0,6 |
| **Réxime Minería e Carbón** | 41 | - | - | - |
| **Réxime Especial Empregados Fogar** | 20.417 | - | - | - |
| **Continuos** | 12.332 | - | - | - |
| **Discontinuos** | 8.086 | - | - | - |


**(1) medias anuais**
**(2) no 2012 o Réxime Xeral incorpora ao R.E. Agrario e ao R.E.E. Fogar (a extinguir)**
Fonte: IGE, *Afiliacións á Seguridade Social*

## 2.1. 3.

últimos anos en torno ao 37% da afiliación galega total, sendo os concellos de Vigo e A Coruña, con 103.074 e 85.766, respectivamente, a 31 de decembro de 2017 os de maior afiliación en Galicia.

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 75,9% das afiliacións galegas en 2017, aumentaron un 3% en relación ao ano anterior, acadando as 741.810 persoas afiliadas (**cadro 2.1.3.**). Nas afiliación ao réxime especial de autónomos obsérvase unha taxa interanual negativa do 0,9%. Todas as provincias galegas amosan taxas de afiliación interanual negativas neste réxime,

**Afiliacións á Seguridade Social 2009-17 (1): distribución segundo sectores de actividade**




(1) taxas de variación das medias anuais CNAE 2009
Fonte: IGE, *Afiliacións á Seguridade Social*

## 2.1. 4.

**Afiliacións á Seguridade Social 2016-17: distribución segundo principais ramas de actividade (1)**

| | 2016 | | 2017 | | 17/16 |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(número)* | *(%)* | *(número)* | *(%)* | *(%)* |
| **47 Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas** | 107.029 | 11,2 | 107.494 | 11,0 | 0,4 |
| **56 Servizos de comidas e bebidas** | 64.430 | 6,8 | 66.262 | 6,8 | 2,8 |
| **86 Actividades sanitarias** | 58.147 | 6,1 | 59.342 | 6,1 | 2,1 |
| **84 Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria** | 55.766 | 5,8 | 57.349 | 5,9 | 2,8 |
| **46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas** | 46.936 | 4,9 | 47.585 | 4,9 | 1,4 |
| **43 Actividades de construción especializada** | 45.800 | 4,8 | 46.355 | 4,8 | 1,2 |
| **85 Educación** | 40.743 | 4,3 | 41.938 | 4,3 | 2,9 |
| **01 Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados con elas** | 38.544 | 4,0 | 37.645 | 3,9 | -2,3 |
| **49 Transporte terrestre e por tubaxe** | 30.947 | 3,2 | 31.740 | 3,3 | 2,6 |
| **10 Industria da alimentación** | 28.753 | 3,0 | 29.116 | 3,0 | 1,3 |
| **97 Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico** | 28.052 | 2,9 | 27.924 | 2,9 | -0,5 |
| **81 Servizos a edificios e actividades de xardinaría** | 25.501 | 2,7 | 26.227 | 2,7 | 2,8 |
| **41 Construción de edificios** | 22.815 | 2,4 | 22.860 | 2,3 | 0,2 |
| **45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas** | 21.450 | 2,2 | 21.858 | 2,2 | 1,9 |
| **03 Pesca e acuicultura** | 18.821 | 2,0 | 18.909 | 1,9 | 0,5 |
| **96 Outros servizos persoais** | 18.385 | 1,9 | 18.742 | 1,9 | 1,9 |
| **25 Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento** | 14.706 | 1,5 | 15.428 | 1,6 | 4,9 |
| **29 Fabricación de vehículos e motor, remolques e semirremolques** | 13.654 | 1,4 | 14.030 | 1,4 | 2,8 |
| **69 Actividades xurídicas e de contabilidade** | 13.495 | 1,4 | 13.706 | 1,4 | 1,6 |
| **88 Actividades de servizos sociais sen aloxamento** | 11.947 | 1,3 | 12.712 | 1,3 | 6,4 |
| **82 Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas** | 12.082 | 1,3 | 12.460 | 1,3 | 3,1 |
| **71 Servizos técnicos de arquitectura e enxeñía, ensaios e análises técnicas** | 11.024 | 1,2 | 11.568 | 1,2 | 4,9 |
| **78 Actividades relacionadas co emprego** | 10.492 | 1,1 | 11.500 | 1,2 | 9,6 |
| **87 Asistencia en establecementos residenciais** | 10.526 | 1,1 | 11.020 | 1,1 | 4,7 |
| **52 Almacenamento e actividades anexas ao transporte** | 10.477 | 1,1 | 10.626 | 1,1 | 1,4 |
| **Subtotal (ramas con máis de 10.000 afiliacións )** | 760.522 | 79,7 | 774.396 | 79,5 | 1,8 |
| **Total** | 953.775 | 100 | 973.812 | 100 | 2,1 |

(1) ramas CNAE 2009;
Fonte: IGE, *Afiliacións á Seguridade Social*

## 2.1. 5.

sendo Lugo a que presenta un peor comportamento cun 1,5% menos de afiliados que no ano anterior. Esta evolución contrasta co crecemento na afiliación do 0,8% no conxunto do Estado.

As afiliacións ao réxime especial do mar aumentan no último ano un 0,7%, para situarse nas 21.320.

O aumento en torno ás 20.000 afiliacións acaecido en Galicia no último ano explícase fundamentalmente pola evolución do sector servizos que incrementa o seu volume de afiliación en máis de 16.000 persoas. O **gráfico 2.1.4.** reflicte que o sector servizos, tras unha medra do 2,2%, presenta unha situación mellor que antes da crise económica. O sector industrial, tras tres anos consecutivos de incremento rexistra en 2017, 140.000 afiliados, un 20% menos que no ano 2008.

A construción incrementa tamén a súa afiliación nun 1% en relación ao ano anterior, acadando as 73.371 persoas afiliadas. O sector primario cunha caída do 0,9% é o único sector que presenta perdas de afiliación en 2017, sendo tamén o único sector que mantén unha redución de afiliacións ano tras ano dende 2008.

Atendendo á desagregación segundo ramas de actividade, as que en 2017 teñen máis de 10.000 afiliados acollen o 79,5% da afiliación en Galicia. O "comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas" é a rama de actividade cun maior número de afiliacións, 107.494 no ano 2017, sendo as actividades que presentan un maior incremento de afiliacións as de "Servizos de comidas e bebidas" e "Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria" con 1.832 e 1.583 afiliacións máis respectivamente no ano 2017 en relación ao ano anterior (**cadro 2.1.5.**).

A caída de afiliación máis importante en termos absolutos prodúcese na rama de "agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados", con 899 afiliacións menos.

## Emprego segundo a EPA

No ano 2017 o mercado de traballo en Galicia, segundo a Enquisa de Poboación Activa (EPA), mantén a tendencia dos dous anos anteriores, con incrementos na poboación ocupada e descensos na poboación parada, datos positivos que se deben matizar polo descenso estrutural da poboación activa, que desde o ano 2012 produce un estreitamento no mercado laboral galego.

- **Poboación activa**

A poboación economicamente activa na EPA comprende todas as persoas de 16 ou máis anos que durante a semana de referencia cumpren as condicións para a súa inclusión entre as persoas ocupadas ou paradas.

Galicia sofre dende o ano 2012 un descenso continuado na súa poboación activa, non sendo unha excepción a esta tendencia o ano 2017, descenso de 7.800 persoas respecto ao ano anterior (-0,6%). O número de activos en 2017 en Galicia sitúase en 1.248.300 persoas, dos que 648.600 son homes e 599.800 mulleres. O citado descenso no volume de poboación activa galega no último ano concéntrase no sexo masculino con 9.200 homes activos menos, dos que o 85% teñen entre 25 e 34 anos. Fronte a este descenso, a poboación activa feminina medra en 1.500 persoas (0,2%).

No período 2008-2017 a poboación activa galega reduciuse un 5,1% (66.500 persoas), un descenso case catro veces superior ao do conxunto do Estado. En Galicia tanto a poboación activa masculina como feminina presenta unha evolución peor que a media estatal, rexistrándose no citado período unha caída da poboación activa masculina do 10,6% en Galicia (77.000 activos menos) fronte ao -7,3% de media en España, mentres que no caso das mulleres a poboación activa medra un 1,8% (10.600 activas máis) fronte ao incremento do 6,3% no Estado.

A perda de poboación activa en Galicia concéntrase prioritariamente na poboación cunha idade comprendida entre os 25 e 34 anos, de xeito que o número de activos nesta franxa de idade descende no último ano en 16.300 persoas, o que representa un descenso do 6,4% en relación ao ano anterior. O descenso da poboación activa entre 25 e 34 anos afecta en maior medida ás mulleres, cun descenso de 8.500 activas fronte aos 7.800 homes activos menos nesta franxa de idade no último ano (**cadro 2.1.8.**).

**Poboación maior de 16 anos en Galicia e España 2017: distribución segundo sexo e a súa relación coa actividade económica**

**Ámbolos dous sexos**

| | Poboación > 16 anos | Activos | Poboación ocupada | Poboación parada | Parados que xa traballaron | Parados que buscan primeiro emprego | Poboación inactiva | Taxa actividade | Taxa ocupación | Taxa paro |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | *(en miles de persoas)* | | | | | *(%)* | |
| **Galicia** | 2.341,9 | 1.248,3 | 1.052,7 | 195,6 | 177,4 | 18,2 | 1.093,6 | 53,3 | 45,0 | 15,7 |
| **A Coruña** | 968,6 | 530,7 | 455,6 | 75,2 | 68,1 | 7,0 | 437,9 | 54,8 | 47,0 | 14,2 |
| **Lugo** | 294,5 | 152,1 | 132,9 | 19,3 | 17,9 | 1,3 | 142,4 | 51,6 | 45,1 | 12,7 |
| **Ourense** | 273,7 | 131,2 | 109,5 | 21,6 | 19,6 | 2,1 | 142,5 | 47,9 | 40,0 | 16,5 |
| **Pontevedra** | 805,1 | 434,3 | 354,7 | 79,5 | 71,7 | 7,8 | 370,8 | 53,9 | 44,1 | 18,3 |
| **España** | 38.654,1 | 22.741,7 | 18.824,8 | 3.916,9 | 3.506,2 | 410,7 | 15.912,4 | 58,8 | 48,7 | 17,2 |
| | | | *(%)* | | | | | | | |
| **Galicia / España** | 6,1 | 5,5 | 5,6 | 5,0 | 5,1 | 4,4 | 6,9 | | *(puntos porcentuais)* | |
| **17/16** | | | | | | | | | | |
| **Galicia** | -0,3 | -0,6 | 1,2 | -9,2 | -9,5 | -6,2 | 0,0 | - 0,2 | 0,7 | - 1,5 |
| **España** | 0,3 | -0,4 | 2,6 | -12,6 | -13,0 | -9,0 | 1,3 | - 0,4 | 1,1 | - 2,4 |

**Homes**

| | Poboación > 16 anos | Activos | Poboación ocupada | Poboación parada | Parados que xa traballaron | Parados que buscan primeiro emprego | Poboación inactiva | Taxa actividade | Taxa ocupación | Taxa paro |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | *(en miles de persoas)* | | | | | *(%)* | |
| **Galicia** | 1.120,6 | 648,6 | 551,2 | 97,3 | 89,3 | 8,1 | 472,0 | 57,9 | 49,2 | 15,0 |
| **A Coruña** | 460,7 | 274,0 | 236,5 | 37,5 | 34,2 | 3,3 | 186,7 | 59,5 | 51,3 | 13,7 |
| **Lugo** | 142,3 | 81,0 | 71,7 | 9,4 | 9,1 | 0,3 | 61,3 | 56,9 | 50,4 | 11,6 |
| **Ourense** | 131,3 | 68,4 | 57,8 | 10,5 | 9,6 | 0,9 | 62,9 | 52,1 | 44,0 | 15,4 |
| **Pontevedra** | 386,2 | 225,1 | 185,2 | 39,9 | 36,4 | 3,5 | 161,1 | 58,3 | 48,0 | 17,7 |
| **España** | 18.803,1 | 12.172,1 | 10.266,3 | 1.905,8 | 1.709,7 | 196,2 | 6.631,0 | 64,7 | 54,6 | 15,7 |
| | | | | *(%)* | | | | | | |
| **Galicia / España** | 6,0 | 5,3 | 5,4 | 5,1 | 5,2 | 4,1 | 7,1 | | *(puntos porcentuais)* | |
| **17/16** | | | | | | | | | | |
| **Galicia** | -0,4 | -1,4 | 0,4 | -10,6 | -10,9 | -5,8 | 1,0 | - 0,6 | 0,4 | - 1,5 |
| **España** | 0,3 | -0,3 | 2,7 | -13,9 | -15,3 | 0,6 | 1,4 | - 0,4 | 1,3 | - 2,5 |

**Mulleres**

| | Poboación > 16 anos | Activos | Poboación ocupada | Poboación parada | Parados que xa traballaron | Parados que buscan primeiro emprego | Poboación inactiva | Taxa actividade | Taxa ocupación | Taxa paro |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | *(en miles de persoas)* | | | | | *(%)* | |
| **Galicia** | 1.221,3 | 599,7 | 501,4 | 98,3 | 88,1 | 10,2 | 621,5 | 49,1 | 41,1 | 16,4 |
| **A Coruña** | 507,9 | 256,7 | 219,0 | 37,7 | 33,9 | 3,7 | 251,2 | 50,5 | 43,1 | 14,7 |
| **Lugo** | 152,2 | 71,1 | 61,2 | 9,9 | 8,9 | 1,0 | 81,1 | 46,7 | 40,2 | 13,9 |
| **Ourense** | 142,4 | 62,8 | 51,7 | 11,1 | 10,0 | 1,1 | 79,6 | 44,1 | 36,3 | 17,7 |
| **Pontevedra** | 418,8 | 209,1 | 169,5 | 39,6 | 35,3 | 4,3 | 209,7 | 49,9 | 40,5 | 18,9 |
| **España** | 19.851,0 | 10.569,7 | 8.558,5 | 2.011,1 | 1.796,6 | 214,6 | 9.281,4 | 53,2 | 43,1 | 19,0 |
| | | | | *(%)* | | | | | | |
| **Galicia / España** | 6,2 | 5,7 | 5,9 | 4,9 | 4,9 | 4,8 | 6,7 | | *(puntos porcentuais)* | |
| **17/16** | | | | | | | | | | |
| **Galicia** | -0,3 | 0,2 | 2,0 | -7,8 | -8,0 | -6,4 | -0,8 | 0,3 | 0,9 | - 1,4 |
| **España** | 0,4 | -0,4 | 2,6 | -11,3 | -10,7 | -16,3 | 1,2 | - 0,4 | 0,9 | - 2,4 |


Fonte: INE-IGE, *EPA*

## 2.1. 6.

Asemade, a poboación activa menor de 24 anos e de 35 a 44 anos redúcese en 1.000 e 6.900 persoas respectivamente. Por contra, a poboación activa aumenta entre as persoas maiores de 45 anos, sendo esta medra de 8.900 entre as persoas maiores de 55 anos (4,2%) e 7.500 persoas activas de 45 a 54 anos (2,2%).

A taxa de actividade, cociente entre o número total de activos e o total da poboación de 16 e máis anos, redúcese lixeiramente en Galicia no ano 2017 ata situarse no 53,3%, consecuencia de que a redución da poboación maior de 16 anos (0,3% menos que o ano anterior) é menor que a caída do número de activos (0,6%).

**Taxas de actividade en Galicia e España 2008-17: distribución segundo sexos**




Fonte: INE, *EPA*

## 2.1.7.

A taxa de actividade en Galicia en 2017 é a inferior de toda a serie analizada (**gráfico 2.1.7.**), e tamén 5,5 puntos inferior á media estatal (58,8%).

As entradas á actividade no último trimestre de 2017, medidas a través da *Enquisa de fluxos da poboación activa*, foron de 57.900 persoas, cifra superior en 6.200 ás do cuarto trimestre de 2016. Por outra banda, un total de 67.100 persoas saíron da actividade este cuarto trimestre, fronte ás 65.900 que o fixeron no mesmo período de 2016 (isto é, 1.200 máis).

O fluxo total de entrada á ocupación no cuarto trimestre de 2017 é de 52.500 persoas, cifra inferior en 3.400 á do mesmo trimestre do ano anterior. Así mesmo., o fluxo de saída da ocupación é de 66.800, o que supón un 7,2% máis que no mesmo trimestre de 2016.

O número de persoas que estaban paradas no terceiro trimestre de 2017 e que xa non o están no cuarto trimestre do ano é de 71.800, cifra inferior nun 12,2% á do mesmo trimestre de 2016. Así mesmo o fluxo de entradas ao paro acada ás 76.900 persoas, un 3,9% máis que no mesmo período de 2016.

**• Poboación ocupada**

A EPA entende por ocupados as persoas de 16 e máis anos que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia

No ano 2017 a taxa de crecemento do PIB galego foi do 3,1%, semellante á do ano anterior. Este crecemento impulsa a creación de emprego favorecendo a existencia de 12.100 persoas ocupadas máis que en 2016, sen embargo parece observarse unha notable redución no ritmo de crecemento da ocupación, presentando en 2017 unha taxa de variación interanual do 1,2% fronte ao 2,3% de crecemento en 2016. A ocupación no conxunto do Estado medra a unha taxa interanual do 2,6% o que provoca que o peso relativo da poboación ocupada galega no total estatal baixe unha décima ata o 5,6%.

O incremento da poboación ocupada favorece tanto a homes como a mulleres, con máis de 45 anos e con educación superior, salientando que no ano 2017, por primeira vez desde 2012, aumenta o número de ocupados con nacionalidade estranxeira.

**Poboación maior de 16 anos 2016-17: distribución segundo sexo, idade e a súa relación coa actividade económica**

| | 2016 | | | 2017 | | | 17/16 | | | Galicia / España 2017 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres |
| | (en miles de persoas) | | | | | | (%) | | | | | |
| **Total** | | | | | | | | | | | | |
| **Total** | 2.349,8 | 1.124,8 | 1.225,0 | 2.341,9 | 1.120,6 | 1.221,3 | -0,3 | -0,4 | -0,3 | 6,1 | 6,0 | 6,2 |
| **Activos** | 1.256,1 | 657,8 | 598,3 | 1.248,3 | 648,6 | 599,7 | -0,6 | -1,4 | 0,2 | 5,5 | 5,3 | 5,7 |
| **Poboación ocupada** | 1.040,6 | 549,0 | 491,7 | 1.052,7 | 551,2 | 501,4 | 1,2 | 0,4 | 2,0 | 5,6 | 5,4 | 5,9 |
| **Poboación parada** | 215,4 | 108,8 | 106,6 | 195,6 | 97,3 | 98,3 | -9,2 | -10,6 | -7,8 | 5,0 | 5,1 | 4,9 |
| **Parados que xa traballaron** | 196,0 | 100,2 | 95,8 | 177,4 | 89,3 | 88,1 | -9,5 | -10,9 | -8,0 | - | - | - |
| **Parados que buscan 1º emprego** | 19,4 | 8,6 | 10,9 | 18,2 | 8,1 | 10,2 | -6,2 | -5,8 | -6,4 | 4,4 | 4,1 | 4,8 |
| **Poboación inactiva** | 1.093,7 | 467,1 | 626,7 | 1.093,6 | 472,0 | 621,5 | 0,0 | 1,0 | -0,8 | 6,9 | 7,1 | 6,7 |
| **16-19 anos** | | | | | | | | | | | | |
| **Total** | 83,7 | 43,2 | 40,5 | 84,8 | 43,8 | 41,0 | 1,3 | 1,4 | 1,2 | 4,8 | 4,8 | 4,8 |
| **Activos** | 6,7 | 3,5 | 3,2 | 7,2 | 4,0 | 3,2 | 7,5 | 14,3 | 0,0 | 2,8 | 2,6 | 3,0 |
| **Poboación ocupada** | 2,9 | 1,6 | 1,2 | 3,0 | 1,5 | 1,4 | 3,4 | -6,3 | 16,7 | 2,5 | 2,1 | 2,9 |
| **Poboación parada** | 3,8 | 1,9 | 2,0 | 4,2 | 2,4 | 1,8 | 10,5 | 26,3 | -10,0 | 3,0 | 2,9 | 3,0 |
| **Parados que xa traballaron** | 1,1 | 0,5 | 0,6 | 1,5 | 0,9 | 0,6 | 36,4 | 80,0 | 0,0 | - | - | - |
| **Parados que buscan 1º emprego** | 2,7 | 1,3 | 1,4 | 2,8 | 1,5 | 1,2 | 3,7 | 15,4 | -14,3 | 2,9 | 2,8 | 2,8 |
| **Poboación inactiva** | 77,1 | 39,8 | 37,3 | 77,6 | 39,9 | 37,7 | 0,6 | 0,3 | 1,1 | 5,1 | 5,2 | 5,0 |
| **20-24 anos** | | | | | | | | | | | | |
| **Total** | 113,2 | 57,8 | 55,4 | 110,3 | 56,3 | 54,0 | -2,6 | -2,6 | -2,5 | 4,9 | 5,0 | 4,9 |
| **Activos** | 55,4 | 30,5 | 24,9 | 53,9 | 28,5 | 25,4 | -2,7 | -6,6 | 2,0 | 4,3 | 4,3 | 4,3 |
| **Poboación ocupada** | 34,2 | 19,0 | 15,2 | 37,1 | 19,3 | 17,8 | 8,5 | 1,6 | 17,1 | 4,6 | 4,6 | 4,6 |
| **Poboación parada** | 21,2 | 11,5 | 9,8 | 16,9 | 9,2 | 7,6 | -20,3 | -20,0 | -22,4 | 3,9 | 3,9 | 3,8 |
| **Parados que xa traballaron** | 13,2 | 7,2 | 6,1 | 9,6 | 5,1 | 4,5 | -27,3 | -29,2 | -26,2 | - | - | - |
| **Parados que buscan 1º emprego** | 8,0 | 4,3 | 3,7 | 7,3 | 4,2 | 3,1 | -8,8 | -2,3 | -16,2 | 4,3 | 4,6 | 4,0 |
| **Poboación inactiva** | 57,7 | 27,3 | 30,4 | 56,4 | 27,8 | 28,6 | -2,3 | 1,8 | -5,9 | 5,6 | 5,8 | 5,5 |
| **25-54 anos** | | | | | | | | | | | | |
| **Total** | 1.140,6 | 568,5 | 571,9 | 1.123,0 | 559,5 | 563,5 | -1,5 | -1,6 | -1,5 | 5,6 | 5,5 | 5,6 |
| **Activos** | 981,3 | 513,7 | 467,6 | 965,6 | 502,3 | 463,6 | -1,6 | -2,2 | -0,9 | 5,5 | 5,4 | 5,6 |
| **Poboación ocupada** | 818,1 | 434,1 | 383,9 | 819,6 | 432,7 | 387,0 | 0,2 | -0,3 | 0,8 | 5,5 | 5,4 | 5,7 |
| **Poboación parada** | 163,2 | 79,6 | 83,7 | 146,1 | 69,7 | 76,5 | -10,5 | -12,4 | -8,6 | 5,2 | 5,4 | 5,1 |
| **Parados que xa traballaron** | 155,0 | 76,8 | 78,1 | 138,1 | 67,2 | 70,9 | -10,9 | -12,5 | -9,2 | - | - | - |
| **Parados que buscan 1º emprego** | 8,5 | 2,9 | 5,5 | 7,9 | 2,3 | 5,7 | -7,1 | -20,7 | 3,6 | 5,7 | 4,5 | 6,4 |
| **Poboación inactiva** | 158,9 | 54,6 | 104,4 | 157,4 | 57,4 | 100,0 | -0,9 | 5,1 | -4,2 | 6,0 | 7,1 | 5,5 |
| **≥ 55 anos** | | | | | | | | | | | | |
| **Total** | 1.012,4 | 455,3 | 557,1 | 1.023,7 | 460,9 | 562,9 | 1,1 | 1,2 | 1,0 | 7,1 | 7,0 | 7,2 |
| **Activos** | 212,6 | 110,0 | 102,4 | 221,4 | 113,8 | 107,6 | 4,1 | 3,5 | 5,1 | 6,1 | 5,6 | 6,7 |
| **Poboación ocupada** | 185,5 | 94,2 | 91,3 | 193,0 | 97,8 | 95,3 | 4,0 | 3,8 | 4,4 | 6,2 | 5,6 | 7,0 |
| **Poboación parada** | 27,1 | 15,8 | 11,2 | 28,4 | 16,1 | 12,4 | 4,8 | 1,9 | 10,7 | 5,3 | 5,5 | 5,0 |
| **Parados que xa traballaron** | 26,8 | 15,8 | 10,9 | 28,1 | 16,1 | 12,3 | 4,9 | 1,9 | 12,8 | - | - | - |
| **Parados que buscan 1º emprego** | 0,3 | - | 0,3 | 0,3 | - | 0,2 | 0,0 | - | -33,3 | 4,8 | - | 3,4 |
| **Poboación inactiva** | 799,9 | 345,3 | 454,6 | 802,2 | 347,1 | 455,1 | 0,3 | 0,5 | 0,1 | 7,4 | 7,6 | 7,3 |

Fonte: IGE, *EPA*

## 2.1.8.


O incremento da poboación ocupada é moito maior entre as mulleres que entre os homes. Das sinaladas 12.100 persoas ocupadas máis no último ano en Galicia, 9.700 son mulleres, o que supón un aumento do 2% na ocupación feminina fronte ao 0,4% de aumento na poboación ocupada masculina (2.200 homes). No ano 2017 a taxa de ocupación, entendida como o cociente entre o número de ocupados e a poboación en idade de traballar, aumenta ata o 45% (44,3% no ano anterior). Esta taxa ascende ao 49,2% no caso dos homes, máis de oito puntos superior á estimada para a ocupación feminina (41,1%).

Segundo os datos da EPA, o 62% do total das persoas que se incorporan ao mercado laboral no ano 2017 teñen máis de 55 anos; dos 12.100 novos ocupados, 4.000 mulleres e 3.500 homes están nesa franxa de idade. Outros grupos de idade que incrementan o vo-

**Poboación ocupada en Galicia e España 2008-17: distribución segundo sector**

| | Galicia | | | | España | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | agricultura | industria | construción | servizos | agricultura | industria | construción | servizos |
| | | | | *(en miles de persoas)* | | | | |
| **2008** | 96,6 | 215,1 | 134,2 | 755,4 | 828,2 | 3.236,7 | 2.459,9 | 13.945,0 |
| **2009** | 94,8 | 195,7 | 116,3 | 748,6 | 788,1 | 2.807,6 | 1.889,8 | 13.621,4 |
| **2010** | 88,3 | 172,7 | 104,9 | 738,7 | 786,1 | 2.650,5 | 1.651,4 | 13.636,6 |
| **2011** | 83,5 | 176,4 | 91,3 | 738,1 | 755,3 | 2.604,7 | 1.403,9 | 13.657,6 |
| **2012** | 79,5 | 164,9 | 79,3 | 723,4 | 743,4 | 2.483,7 | 1.161,3 | 13.244,2 |
| **2013** | 74,4 | 153,3 | 69,3 | 709,4 | 736,6 | 2.355,5 | 1.029,5 | 13.017,5 |
| **2014** | 66,1 | 154,0 | 67,1 | 710,7 | 735,8 | 2.379,9 | 993,5 | 13.234,9 |
| **2015** | 63,7 | 159,5 | 73,6 | 720,4 | 736,8 | 2.482,3 | 1.073,7 | 13.573,3 |
| **2016** | 71,4 | 161,9 | 71,8 | 735,5 | 774,5 | 2.522,2 | 1.073,8 | 13.970,9 |
| **2017** | 75,2 | 171,2 | 66,6 | 739,8 | 819,5 | 2.647,4 | 1.128,3 | 14.229,6 |
| **I** | 76,3 | 164,7 | 66,2 | 726,4 | 847,7 | 2.570,9 | 1.081,4 | 13.938,2 |
| **II** | 73,0 | 171,1 | 67,9 | 736,9 | 832,6 | 2.636,6 | 1.133,6 | 14.210,6 |
| **III** | 78,3 | 175,5 | 66,5 | 752,2 | 777,0 | 2.670,7 | 1.154,6 | 14.446,9 |
| **IV** | 73,3 | 173,3 | 65,7 | 743,5 | 820,7 | 2.711,3 | 1.143,7 | 14.322,7 |
| **2017-08 (%)** | -22,1 | -20,4 | -50,4 | -2,1 | -1,0 | -18,2 | -54,1 | 2,0 |

*(taxas de variación interanuais)*




Fonte: INE, *EPA*

## 2.1. 9.

lume de ocupación, aínda que con menor intensidade, son os de entre 20 e 24 anos con 2.900 persoas ocupadas máis e os de 25 a 54 anos con 1.500 persoas ocupadas máis (**cadro 2.1.8.**).

Por **sectores**, continúa e intensifícase a perda de ocupación na construción, cun 7,3% de ocupación menos que no ano anterior, o que supón unha perda de 5.300 empregos no sector, o que contrasta co incremento na ocupación de máis do 5% a nivel estatal. O sector primario, a industria e o sector servizos aumentan o seu volume de ocupación en Galicia no último ano.

En relación ás variacións medias de ocupación no Estado, o sector industrial presenta un mellor comportamento en Galicia con taxas de variación interanual do 5,7% fronte ao 5% estatal; os incrementos de ocupación na agricultura e nos servizos son inferiores en Galicia.

A ocupación no sector industrial afianza a súa tendencia alcista iniciada no ano 2014, cun forte incremento no último ano, con 9.300 ocupados máis no sector. Tras este incremento, este sector ocupa en Galicia a un total de 171.200 persoas, o que representa o 6,5% do total

estatal, seis décimas máis que no ano precedente. Dende o comezo da crise, a perda acumulada de ocupados na industria galega e de case 44.000 persoas, o 20,4% do emprego estimado en 2008 (**cadro 2.1.9.**).

Dentro do sector industrial cómpre destacar o incremento da industria manufactureira, que emprega no último ano un total de 154.600 persoas, 7.400 máis que no ano precedente (5%). O emprego nesta rama de actividade representa o 14,7% do emprego total de Galicia, 1,5 puntos porcentuais menos que antes da crise económica. Con todo, esta porcentaxe é sensiblemente superior á media española, que se sitúa no 12,7% no último ano.

O sector máis importante en canto a volume de ocupación é o sector servizos, que ano 2017 rexistrou un total de 739.800 ocupados, o que supón continuar coa tendencia dos tres anos anteriores, con 4.200 ocupados máis, un 0,6%. O incremento constante da ocupación no sector servizos nos últimos anos en Galicia non consegue compensar a perda acaecida nos anos de crise económica, perdurando no ano 2017 unha ocupación no sector un 2,1% inferior á rexistrada no ano 2008, contrastando coa media estatal, onde o emprego en 2017 supera nun 2% ao existente en 2008.

Dos sinalados 12.100 ocupados máis existentes en Galicia en 2017, 10.200 persoas están ocupadas nas actividades relacionadas co comercio, reparación de vehículos de motor e motocicletas, transporte e almacenamento e hostalería. Entre os anos 2008 e 2017 as devanditas actividades perderon 18.600 empregos (–5,9%), seguido polas "Actividades financeiras e de seguros", con 7.100 ocupados menos (–27,6%).

O sector primario incrementa o seu número de ocupados, a un ritmo notablemente superior ao do conxunto de Galicia. Tras unha medra de 3.800 persoas, un 5,4% respecto a 2016, a Comunidade conta con 75.200 persoas ocupadas no sector, o 9,2% do total estatal.

Finalmente, no que atinxe á actividade da construción, o sector continúa a tendencia descendente da ocupación ao estimarse unha caída de 5.300 ocupados en relación ao ano anterior (–7,3%). O sector da construción en Galicia acolle no último ano un total de 66.600 empregos, o 5,9% do total estatal. Coa excepción do ano 2015, o sector presenta unha caída continuada dende o comezo da crise, de xeito que a ocupación de 2017 é o 50,4% da estimada en 2008 (54,1% no conxunto do Estado).

Atendendo á desagregación segundo a **situación profesional** dos ocupados, no ano 2017 increméntase o número tanto de traballadores por conta propia como de asalariados.

O incremento de 2.800 ocupados en relación ao ano anterior (1,3%), sitúa a Galicia con 225.000 empresarios por conta propia, o que representa o 21,4% da súa poboación ocupada (**cadro 2.1.10.**). A importancia relativa destes traballadores en comparación coa media estatal ponse de manifesto no feito de que o seu peso é o maior de todas as CCAA e moi superior á media española (16,5%).

A devandita evolución dos traballadores por conta propia explícase na súa meirande parte polo incremento estimado no caso das mulleres (2,4%), así como polo crecemento do 0,5% no número de homes ocupados por conta propia. No caso dos homes no último ano descende o número de empresarios sen asalariados (1.300 menos), aumentando o número de empresarios con asalariados (1.800 homes e 1.000 mulleres máis).

O número de asalariados increméntase, no último ano, un 1,1%, aumento causado polo incremento dos asalariados no sector privado (10.500 máis), que compensa o leve descenso no sector público (1.100 asalariados menos). No ano 2017 o número de asalariados situouse nas 827.300 persoas, 9.400 máis que no ano anterior.

Atendendo á desagregación segundo o **nivel formativo**, o 52,5% dos ocupados posúen estudios secundarios ou equivalentes (553.300 persoas), sendo esta porcentaxe superior á media española (51,3%). Por outra banda, o 42,6% da poboación ocupada galega acredita estudios superiores (449.100 persoas), porcentaxe semellante á rexistrada de media no Estado.

O maior incremento de ocupación no pasado exercicio, tanto entre os homes como entre as mulleres produ-

**Poboación ocupada en Galicia e España 2017: distribución segundo sectores económicos, situación profesional, ocupación, idade e nivel de formación acadado**

| | Galicia | | | Galicia/España | | | Galicia 17/16 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total |
| | (en miles de persoas) | | | (%) | | | | | |
| **Total** | 551,2 | 501,5 | 1.052,7 | 5,4 | 5,9 | 5,6 | 0,4 | 2,0 | 1,2 |
| **Sectores económicos** | | | | | | | | | |
| Agricultura | 46,5 | 28,8 | 75,2 | 7,4 | 14,8 | 9,2 | 3,5 | 8,8 | 5,4 |
| Industria | 121,3 | 49,9 | 171,2 | 6,1 | 7,6 | 6,5 | 5,8 | 5,6 | 5,7 |
| Construción | 61,5 | 5,1 | 66,6 | 6,0 | 5,1 | 5,9 | -6,5 | -16,9 | -7,3 |
| Servizos | 322,1 | 417,7 | 739,8 | 4,9 | 5,5 | 5,2 | -0,5 | 1,4 | 0,6 |
| **Situación profesional** | | | | | | | | | |
| Traballadores por conta propia | 132,7 | 92,4 | 225,0 | 6,4 | 8,9 | 7,3 | 0,5 | 2,4 | 1,3 |
| Empregador | 44,3 | 23,2 | 67,4 | 6,6 | 8,0 | 7,0 | 4,2 | 4,5 | 4,2 |
| Empresarios sen asalariados | 83,5 | 65,6 | 149,1 | 6,3 | 9,4 | 7,3 | -1,5 | 0,4 | -0,7 |
| Membros cooperativas | 0,9 | 0,7 | 1,6 | 5,9 | 8,2 | 6,6 | -27,5 | 42,1 | -7,4 |
| Axuda na empresa ou negocio familiar | 4,0 | 3,0 | 6,9 | 10,2 | 6,3 | 8,1 | 15,2 | 32,6 | 22,6 |
| Asalariados | 418,5 | 408,8 | 827,3 | 5,1 | 5,4 | 5,3 | 0,5 | 1,9 | 1,1 |
| Sector público | 76,2 | 105,5 | 181,7 | 5,7 | 6,3 | 6,0 | -4,3 | 2,2 | -0,6 |
| Sector privado | 342,3 | 303,3 | 645,6 | 5,0 | 5,2 | 5,1 | 1,6 | 1,8 | 1,7 |
| Outra situación | 0,3 | 0,3 | 0,4 | 9,7 | 6,3 | 5,7 | | | |
| **Ocupación** | | | | | | | | | |
| Directores e xerentes | 26,3 | 11,4 | 37,7 | 4,9 | 4,8 | 4,9 | 1,5 | 14,3 | 5,1 |
| Técnicos e profesionais científicos e intelect. | 71,9 | 103,6 | 175,5 | 4,9 | 5,5 | 5,2 | 2,2 | -1,7 | -0,1 |
| Técnicos e profesionais de apoio | 66,2 | 39,3 | 105,5 | 5,3 | 5,2 | 5,2 | -3,2 | 5,9 | 0,0 |
| Empregados contables, admons. e outros empregados ofic. | 31,4 | 65,1 | 96,5 | 4,9 | 5,1 | 5,1 | 5,0 | 0,5 | 2,0 |
| Trab. servizos restaur., persoais, protecc, vend. comerc. | 87,4 | 158,2 | 245,6 | 5,1 | 6,3 | 5,8 | 5,6 | 2,7 | 3,7 |
| Trab. cualificado no sector primario | 34,7 | 24,8 | 59,5 | 9,2 | 27,6 | 12,7 | 3,2 | 7,4 | 4,9 |
| Trab. cualif. ind. manufact, construcc., minaría, agás operad. | 117,8 | 15,8 | 133,5 | 6,0 | 9,5 | 6,3 | -2,0 | 5,7 | -1,1 |
| Operadores | 72,2 | 14,0 | 86,2 | 5,8 | 7,3 | 6,0 | -2,7 | -0,2 | -2,3 |
| Ocupacións elementais | 39,7 | 68,4 | 108,1 | 4,0 | 4,7 | 4,4 | 0,8 | 1,6 | 1,3 |
| Ocupacións militares | 3,9 | 0,9 | 4,8 | 4,9 | 9,0 | 5,3 | -17,0 | -7,9 | -15,6 |
| **Grupos de idade** | | | | | | | | | |
| 16-19 anos | 1,6 | 1,4 | 3,0 | 2,2 | 3,0 | 2,5 | -4,6 | 16,3 | 5,3 |
| 20-24 anos | 19,3 | 17,8 | 37,1 | 4,6 | 4,6 | 4,6 | 1,2 | 17,1 | 8,4 |
| 25-34 anos | 102,4 | 93,8 | 196,2 | 5,2 | 5,3 | 5,2 | -3,2 | -3,7 | -3,4 |
| 35-44 anos | 172,1 | 153,8 | 325,9 | 5,4 | 5,8 | 5,6 | -1,8 | -0,3 | -1,1 |
| 45-54 anos | 158,1 | 139,5 | 297,5 | 5,5 | 6,0 | 5,7 | 3,3 | 5,4 | 4,2 |
| 55 e máis anos | 97,8 | 95,3 | 193,1 | 5,6 | 7,0 | 6,2 | 3,7 | 4,4 | 4,1 |
| **Nivel de formación acadado (1)** | | | | | | | | | |
| Analfabetos | 0,2 | 0,3 | 0,4 | 0,7 | 1,8 | 1,0 | -61,1 | -33,3 | -46,9 |
| Educación primaria | 27,9 | 22,1 | 50,0 | 4,0 | 5,2 | 4,4 | 0,2 | 9,3 | 3,8 |
| Educación. secundaria | 316,0 | 237,2 | 553,3 | 5,6 | 5,9 | 5,7 | -1,4 | 0,7 | -0,5 |
| Educación superior | 207,2 | 241,9 | 449,1 | 5,3 | 5,9 | 5,6 | 3,5 | 2,7 | 3,1 |


**(1) Educación primaria inclúe estudios primarios incompletos, Educación secundaria inclúe 1ª etapa, 2ª etapa orientación xeral e profesional, e Educación superior inclúe doutorado**
Fonte: INE, *EPA*

## 2.1.10.

cese entre as persoas con estudios superiores, con 13.400 ocupados máis (6.300 mulleres e 7.100 homes).

Dos 12.100 ocupados máis que se estiman en Galicia no ano 2017 en relación ao ano anterior, 7.900 son de nacionalidade española ou dobre nacionalidade, e 4.100 son estranxeiros. Entre os novos ocupados de nacionalidade estranxeira salientan as 2.600 persoas procedentes de América Latina, das que o 42% teñen entre 16 e 24 anos. No ano 2017 en Galicia obsérvase, por primeira vez dende 2012, un incremento no número de ocupados de nacionalidade estranxeira.

**Taxas de ocupación en Galicia e España 2008-17: distribución segundo sexo**




Fonte: INE, *EPA*

## 2.1.11.

### Temporalidade e duración da xornada de traballo

A creación de emprego no ano 2017 en Galicia, segundo datos da EPA, concentrouse en gran medida no colectivo de asalariados cun incremento de 9.400 ocupados, consecuencia do aumento de ocupación no sector privado (10.500 ocupados máis) que compensa a perda de 1.100 ocupados no sector público.

Atendendo á súa distribución segundo tipo de contrato, as estimacións da EPA sinalan que nos últimos anos o número de asalariados con contrato temporal aumenta en maior medida que os asalariados con contrato indefinido. Dunha banda, os asalariados temporais medran en 2017 en 8.800 persoas (4,1% respecto ao ano anterior). Doutra banda, o emprego indefinido aumenta en 600 asalariados, o que supón unha medra interanual do 0,1%. Tras esta evolución, no último ano continúa o incremento na taxa de temporalidade, que se sitúa no 27%, tres décimas superior á media española (**cadro 2.1.12.**).

Se temos en conta os datos do servizo público de emprego, o número de contratos temporais formalizados no último ano e o número de asalariados temporais, o índice de rotación laboral aumenta lixeiramente en Galicia ata os 4,2 contratos por asalariado temporal fronte aos 4,7 contratos no conxunto do Estado. Este grado de rotación é sensiblemente superior no caso dos homes que no das mulleres, acadando os 4,6 e 3,8 contratos por asalariado temporal, respectivamente.

A pesar do progresivo incremento da taxa de temporalidade nos catro últimos anos, os niveis acadados están lonxe dos rexistrados no ano 2008, onde o 30,4% dos asalariados tiñan un contrato temporal, fronte ao devandito 27% no último ano. En termos absolutos, no período 2008-2017 o emprego asalariado temporal experimenta un descenso de 56.600 persoas, en tanto que o descenso dos asalariados con contrato indefinido foi de 37.000 persoas.

O sinalado repunte da taxa de temporalidade no ano 2017 rexístrase en ambos os dous sexos pero non en todas as franxas de idade, de xeito que a taxa de temporalidade para os maiores de 35 anos mantense practicamente constante no 18,6%, descende levemente a taxa para as persoas asalariadas entre 16 e 24 anos situándose no 73,7%, e aumenta en catro puntos porcentuais ata o 58% a taxa para o grupo de idade entre 25 e 29 anos.

No ano 2017 a taxa de temporalidade dos homes incrementouse o dobre que a das mulleres, un punto porcentual a taxa masculina e cinco décimas no caso das

**Asalariados e taxa de temporalidade en Galicia e España 2016-17: distribución segundo tipo de contrato, sector e sexo**

**2016**

| | Contrato indefinido | | Contrato temporal | | Total | | Taxa de temporalidade | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | sector público | sector privado | sector público | sector privado | sector público | sector privado | sector público | sector privado | Total |
| | | | *(en miles de persoas)* | | | | | *(%)* | |
| **Galicia** | 142,0 | 461,5 | 40,8 | 173,6 | 182,8 | 635,0 | 22,3 | 27,3 | 26,2 |
| **Homes** | 66,0 | 249,5 | 13,6 | 87,6 | 79,6 | 337,0 | 17,1 | 26,0 | 24,3 |
| **Mulleres** | 76,0 | 212,0 | 27,2 | 86,0 | 103,2 | 298,0 | 26,4 | 28,9 | 28,2 |
| **España** | 2.326,7 | 8.933,5 | 674,1 | 3.293,9 | 3.000,8 | 12.227,4 | 22,5 | 26,9 | 26,1 |
| **Homes** | 1.121,8 | 4.782,9 | 227,6 | 1.819,1 | 1.349,3 | 6.602,0 | 16,9 | 27,6 | 25,7 |
| **Mulleres** | 1.205,0 | 4.150,6 | 446,6 | 1.474,8 | 1.651,5 | 5.625,5 | 27,0 | 26,2 | 26,4 |

**2017**

| | Contrato indefinido | | Contrato temporal | | Total | | Taxa de temporalidade | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | sector público | sector privado | sector público | sector privado | sector público | sector privado | sector público | sector privado | Total |
| | | | *(en miles de persoas)* | | | | | *(%)* | |
| **Galicia** | 138,1 | 465,9 | 43,6 | 179,7 | 181,7 | 645,6 | 24,0 | 27,8 | 27,0 |
| **Homes** | 61,8 | 250,9 | 14,4 | 91,4 | 76,2 | 342,3 | 18,9 | 26,7 | 25,3 |
| **Mulleres** | 76,4 | 215,0 | 29,2 | 88,3 | 105,5 | 303,3 | 27,7 | 29,1 | 28,7 |
| **España** | 2.311,4 | 9.212,8 | 717,2 | 3.473,7 | 3.028,6 | 12.686,5 | 23,7 | 27,4 | 26,7 |
| **Homes** | 1.107,3 | 4.972,5 | 240,4 | 1.882,0 | 1.347,6 | 6.854,5 | 17,8 | 27,5 | 25,9 |
| **Mulleres** | 1.204,1 | 4.240,3 | 476,8 | 1.591,7 | 1.681,0 | 5.832,0 | 28,4 | 27,3 | 27,5 |

Fonte: INE-IGE, *EPA*

**2.1.12.**

mulleres. Esta evolución é consecuencia dun descenso da contratación indefinida masculina do 0,9% fronte a un aumento do 1,2% dos contratos indefinidos a mulleres, xunto cun aumento da contratación temporal dos homes do 4,6% superior ao 3,7% que medrou a contratación temporal. No último ano a taxa de temporalidade ascende ata o 28,7% no caso das mulleres e ata o 25,3% no dos homes.

No que respecta á desagregación da contratación segundo se trate do sector público ou privado, ao longo do último ano o número de persoas asalariadas con contrato indefinido en Galicia aumenta no sector privado en 4.400 persoas a diferencia do que acontece no sector público, que experimenta un novo descenso (3.800 asalariados menos que no ano anterior). Asemade, o incremento do número de contratos temporais no sector privado é superior ao rexistrado no sector público (6.100 e 2.800 asalariados máis, respectivamente). Deste xeito, a taxa de temporalidade no sector privado ascende ata o 27,8%, case catro puntos máis que no sector público (24%) e 1,7 puntos procentuais máis que no ano anterior.

No período 2008-2013 o número de asalariados con contrato indefinido aumenta no sector público en Galicia en 1.800 persoas, mentres que os contratos indefinidos no sector privado descenden en 44.300 asalariados; en paralelo, no mesmo período descenden os contratos temporais, en máis de 80.000 asalariados no sector privado (-35,6%), e en 23.000 asalariados no sector público (-42,2%). A partir do ano 2013 ata 2017, a evolución da contratación indefinida é dispar cunha contracción da contratación indefinida no sector público (7.100 asalariados menos) e un incremento de máis de 12.000 asalariados con contrato indefinido no sector privado. A partir do ano 2013 a contratación temporal se incrementa a taxas do 23,8% no sector privado e do 38,4% no sector público.

No que respecta a análise do mercado laboral en Galicia dende o punto de vista da **duración da xornada de traballo**, tal como se mostra no **cadro 2.1.13.**, a EPA en Galicia en 2017 estima unha medra no número de persoas ocupadas a tempo completo permanecendo estable as persoas ocupadas a tempo parcial. O incremento

**Poboación ocupada en Galicia e España 2016-17: distribución segundo tipo de xornada de traballo**

**2016**

| | Total | | Homes | | Mulleres | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | tempo completo | tempo parcial | tempo completo | tempo parcial | tempo completo | tempo parcial |
| | *(en miles de persoas)* | | | | | |
| **Galicia** | 898,5 | 142,2 | 515,4 | 33,6 | 383,1 | 108,6 |
| **España** | 15.551,1 | 2.790,5 | 9.224,3 | 776,5 | 6.326,8 | 2.014,0 |
| **Galicia/España** *(%)* | 5,8 | 5,1 | 5,6 | 4,3 | 6,1 | 5,4 |


**2017**

| | Total | | Homes | | Mulleres | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | tempo completo | tempo parcial | tempo completo | tempo parcial | tempo completo | tempo parcial |
| | *(en miles de persoas)* | | | | | |
| **Galicia** | 910,6 | 142,0 | 518,9 | 32,4 | 391,8 | 109,7 |
| **España** | 16.005,9 | 2.818,9 | 9.514,3 | 752,0 | 6.491,6 | 2.066,9 |
| **Galicia/España** *(%)* | 5,7 | 5,0 | 5,5 | 4,3 | 6,0 | 5,3 |

Fonte: INE, *EPA*

## 2.1.13.

**Poboación ocupada con xornada a tempo parcial en Galicia e España 2008-17 (1): distribución segundo sexos**




(1) 2008=100
Fonte: INE, *EPA*

## 2.1.14.

interanual do emprego a xornada completa foi do 1,4% (12.200 persoas) en tanto que a xornada parcial descende un 0,1% (200 persoas menos). En España, a ocupación a tempo completo medra por riba da media galega (2,9% respecto ao ano anterior) en tanto que tamén se incrementa o emprego a tempo parcial (1%). Tras esta evolución, un total de 142.000 persoas teñen en Galicia no ano 2017 un traballo a tempo parcial, o 13,5% da poboación ocupada galega, situándose esta porcentaxe no 15% no conxunto do Estado.

En Galicia e España a evolución da ocupación a tempo completo e parcial seguen unha tendencia similar entre os anos 2008 e 2013. Entre estes anos a poboación ocupada a tempo completo descende na Comunidade Autónoma un 19,6% (210.200 persoas) fronte ao –20,1% no conxunto do Estado, en tanto que a xornada a tempo parcial aumenta un 11,8% en Galicia (15.400 ocupados) e en España un 12,5%. As diferenzas aprécianse no efecto da expansión económica no mercado de traballo, xa que a ocupación a tempo parcial des-

**Contratos de traballo en Galicia 2008-17 distribución segundo modalidade do contrato**

| | Total | A tempo completo | A tempo parcial | Fixo discontinuo |
|---|---|---|---|---|
| | | | (%) | |
| **2008** | 794.170 | 75,2 | 24,2 | 0,6 |
| **2009** | 683.131 | 72,7 | 26,6 | 0,6 |
| **2010** | 680.624 | 71,2 | 28,2 | 0,6 |
| **2011** | 671.449 | 68,4 | 30,9 | 0,6 |
| **2012** | 693.365 | 63,2 | 36,3 | 0,6 |
| **2013** | 706.778 | 62,7 | 36,7 | 0,5 |
| **2014** | 786.193 | 62,9 | 36,6 | 0,5 |
| **2015** | 877.834 | 63,0 | 36,5 | 0,5 |
| **2016** | 944.114 | 62,3 | 37,1 | 0,6 |
| **2017** | 1.020.962 | 62,6 | 36,9 | 0,5 |
| **17/16** (%) | 8,1 | 0,5 | -0,6 | -10,9 |

Fonte: IGE

## 2.1.15.

cende en Galicia un 2,2% fronte ao aumento no conxunto do Estado (4,1% máis), e os ocupados a tempo completo aumenta en Galicia un 5,7%, a metade do incremento medio no estado (10,9%).

Atendendo á desagregación segundo sexos, os datos correspondentes ao ano 2017 continúan reflectindo a desigual situación dos homes e as mulleres. Dunha banda, case oito de cada dez persoas ocupadas a tempo parcial en Galicia no último ano son mulleres, en tanto que no caso do emprego a tempo completo o seu peso relativo é do 43%.

No último ano estímase que hai un total de 109.700 mulleres ocupadas a tempo parcial, 1.100 máis que no ano anterior (1,1%), fronte aos 32.400 homes, 1.300 menos que no ano precedente (–3,7%). Entre os anos 2008 e 2013 a ocupación a tempo parcial entre as mulleres medra un 9,6% (9.700 persoas), dez puntos menos que no caso dos homes (5.800 ocupados), en tanto que a xornada a tempo completo redúcese un 14,6% nas mulleres (62.800 persoas ocupadas) e case un 23% nos homes (147.500 persoas). Dende o ano 2013 ata 2017, descende a ocupación a tempo parcial un 0,3% entre as mulleres (300 persoas menos) e un 8% entre os homes (–2.800 ocupados), en tanto que a xornada a tempo completo no dito período, medra no caso das mulleres un 7,1% (25.900 mulleres) e un 4,7% no caso dos homes (23.500 máis).

As ramas de actividade que presentan un maior peso das xornadas de traballo a tempo parcial pertencen ao sector servizos. En termos absolutos destacan as actividade de comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas, con 26.100 ocupados a xornada parcial (o 15% das persoas ocupadas nesta actividade), as actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais con 23.100 ocupados a tempo parcial, así como a hostalería onde o 24,6% do emprego total está ocupado a tempo parcial (18.800 persoas).

A ocupación a tempo parcial segue sendo un fenómeno eminentemente feminino, onde o 60,6% das persoas ocupadas a tempo parcial en Galicia no ano 2017 teñen unha xornada parcial por non poder atopar un traballo de xornada completa. Segundo datos da EPA, no último ano 86.100 persoas ocupadas consideran que este é o principal motivo para ter un contrato a tempo parcial, sendo esta porcentaxe do 63,5% no caso dos homes (20.500 persoas) e do 59,7% no das mulleres (65.500 persoas). No caso das mulleres, o coidado de nenos ou de adultos sitúase como segundo motivo, co 13,2% (14.500 mulleres), en tanto nos homes o segundo motivo está vinculado á formación, cun 7,4% (2.400 homes).

Finalmente, no que respecta ao tempo de traballo segundo as modalidades de contrato, o **cadro 2.1.15.** mostra como no ano 2017 o 62,6% dos contratos son

**Contratos iniciais de traballo e contratos convertidos en indefinidos en Galicia e España 2017: distribución segundo tipo**

| | Total | | Homes | | Mulleres | | Galicia / España | 17/16 | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | (%) | | (%) | | (%) | | Galicia (%) | España |
| **Contratos de duración indefinida** | 47.411 | 4,6 | 25.605 | 4,8 | 21.806 | 4,5 | 3,8 | 10,9 | 9,9 |
| Indefinido ordinario | 46.726 | 4,6 | 25.200 | 4,7 | 21.526 | 4,4 | 3,8 | 10,8 | 9,9 |
| Indefinido persoas con discapacidade | 685 | 0,1 | 405 | 0,1 | 280 | 0,1 | 6,4 | 19,1 | 8,0 |
| **Contratos de duración temporal** | 940.169 | 92,1 | 490.398 | 91,8 | 449.771 | 92,4 | 4,8 | 7,7 | 7,2 |
| Obra ou servizo | 327.747 | 32,1 | 195.237 | 36,6 | 132.510 | 27,2 | 4,0 | 5,6 | 7,3 |
| Eventual segundo circunstancias da produción | 498.981 | 48,9 | 254.815 | 47,7 | 244.166 | 50,2 | 5,3 | 13,2 | 8,9 |
| Interinidade | 89.554 | 8,8 | 25.625 | 4,8 | 63.929 | 13,1 | 5,7 | -4,3 | -1,8 |
| Temporais pers. discapacidade | 1.451 | 0,1 | 923 | 0,2 | 528 | 0,1 | 5,7 | 10,8 | 11,7 |
| Relevo | 855 | 0,1 | 382 | 0,1 | 473 | 0,1 | 5,5 | 9,1 | -0,3 |
| Xubilación parcial | 1.814 | 0,2 | 1.203 | 0,2 | 611 | 0,1 | 5,8 | 16,6 | 6,5 |
| C. de sustitución por xubilación aos 64 anos | 13 | 0,0 | 4 | 0,0 | 9 | 0,0 | 1,8 | -43,5 | -5,6 |
| Contrato en prácticas | 6.029 | 0,6 | 3.066 | 0,6 | 2.963 | 0,6 | 5,8 | -1,7 | 6,1 |
| Contrato para a formación | 3.189 | 0,3 | 1.450 | 0,3 | 1.739 | 0,4 | 6,6 | -10,2 | 4,2 |
| Outros contratos | 10.536 | 1,0 | 7.693 | 1,4 | 2.843 | 0,6 | 11,3 | -27,3 | -11,6 |
| **Contratos convertidos en indefinidos** | 33.382 | 3,3 | 18.133 | 3,4 | 15.249 | 3,1 | 4,9 | 17,2 | 17,9 |
| **Total contratos** | 1.020.962 | 100 | 534.136 | 100 | 486.826 | 100 | 4,7 | 8,1 | 7,6 |

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal, *Estadística de contratos*

**2.1.16**

**Contratos iniciais de traballo e contratos convertidos en indefinidos 2017: distribución segundo tipo de contrato e grupo de idade**

| | Total | Homes | | | | | Mulleres | | | | | Galicia/España |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | < 25 | 25 - 29 | 30 - 39 | 40 - 44 | >= 45 | < 25 | 25 - 29 | 30 - 39 | 40 - 44 | >= 45 | (%) |
| **Contratos de duración indefinida** | | | | | | | | | | | | |
| Indefinido (bonificado/non bonificado) | 46.726 | 2.824 | 3.615 | 8.128 | 3.443 | 7.190 | 2.616 | 3.348 | 6.173 | 2.867 | 6.522 | 3,8 |
| Indefinido persoas con discapacidade | 685 | 12 | 24 | 105 | 86 | 178 | 9 | 19 | 58 | 44 | 150 | 6,4 |
| **Contratos de duración temporal** | | | | | | | | | | | | |
| Obra ou servizo | 327.747 | 25.728 | 29.337 | 59.763 | 27.827 | 52.582 | 20.311 | 21.969 | 39.728 | 18.131 | 32.371 | 4,0 |
| Eventual segundo circunstancias da produción | 498.981 | 45.247 | 44.868 | 78.775 | 32.479 | 53.446 | 47.131 | 44.447 | 68.696 | 31.363 | 52.529 | 5,3 |
| Interinidade | 89.554 | 2.897 | 4.567 | 8.456 | 3.550 | 6.155 | 5.490 | 9.786 | 18.575 | 9.157 | 20.921 | 5,7 |
| Temporais persoas con discapacidade | 1.451 | 39 | 81 | 277 | 175 | 351 | 18 | 47 | 146 | 93 | 224 | 5,7 |
| Relevo | 855 | 20 | 60 | 146 | 50 | 106 | 19 | 82 | 137 | 78 | 157 | 5,5 |
| Xubilación parcial | 1.814 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1.203 | 0 | 0 | 0 | 0 | 611 | 5,8 |
| C. de sustitución por xubilación aos 64 anos | 13 | 0 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 4 | 4 | 0 | 0 | 1,8 |
| Contrato en prácticas | 6.029 | 1.550 | 1.102 | 355 | 36 | 23 | 1.309 | 1.241 | 325 | 52 | 36 | 5,8 |
| Contrato para a formación | 3.189 | 634 | 410 | 99 | 54 | 253 | 746 | 533 | 142 | 92 | 226 | 6,6 |
| Outros contratos | 10.536 | 1.020 | 1.130 | 1.904 | 907 | 2.732 | 576 | 769 | 797 | 218 | 483 | 11,3 |
| **Contratos convertidos en indefinidos** | | | | | | | | | | | | |
| Obra ou servizo | 8.279 | 216 | 716 | 1.963 | 783 | 1.375 | 153 | 493 | 1.272 | 507 | 801 | 5,0 |
| Eventual segundo circunstancias da produción | 21.327 | 1.277 | 1.969 | 3.836 | 1.588 | 2.454 | 1.334 | 2.032 | 3.553 | 1.433 | 1.851 | 5,5 |
| Interinidade | 1.087 | 36 | 90 | 209 | 54 | 77 | 35 | 158 | 239 | 77 | 112 | 5,4 |
| Temporais para persoas con discapacidade | 302 | 2 | 6 | 60 | 36 | 73 | 1 | 11 | 42 | 19 | 52 | 5,6 |
| C. de sustitución por xubilación aos 64 anos | 2 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 1 | 1,8 |
| Contrato en prácticas | 1.364 | 187 | 410 | 131 | 3 | 4 | 141 | 369 | 112 | 5 | 2 | 5,8 |
| Contrato de relevo | 182 | 3 | 11 | 50 | 17 | 21 | 0 | 10 | 37 | 15 | 18 | 4,7 |
| Contrato para a formación | 823 | 209 | 183 | 73 | 1 | 0 | 98 | 178 | 80 | 0 | 1 | 6,5 |
| Outros contratos | 16 | 1 | 1 | 2 | 4 | 2 | 0 | 0 | 2 | 3 | 1 | 5,3 |

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal, *Estadística de contratos*

**2.1.17.**

**Contratos iniciais segundo duración do contrato 2016-17**

| | 2016 | | | 2017 | | | 17/16 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | (%) | (%) | | (%) | (%) | (%) |
| **Total** | 942.452 | 100 | | 1.019.612 | 100 | | 8,2 |
| **Indefinidos** | 45.247 | 4,8 | | 49.584 | 4,9 | | 9,6 |
| **Temporais** | 897.205 | 95,2 | 100 | 970.028 | 95,1 | 100 | 8,1 |
| **Menos de 1 semana** | 311.030 | 33,0 | 34,7 | 343.496 | 33,7 | 35,4 | 10,4 |
| **De 1 semana a 1 mes** | 99.414 | 10,5 | 11,1 | 108.903 | 10,7 | 11,2 | 9,5 |
| **De 1 a 6 meses** | 161.694 | 17,2 | 18,0 | 170.535 | 16,7 | 17,6 | 5,5 |
| **De 6 meses a 1 ano** | 19.231 | 2,0 | 2,1 | 23.102 | 2,3 | 2,4 | 20,1 |
| **Máis de 1 ano** | 3.079 | 0,3 | 0,3 | 3.791 | 0,4 | 0,4 | 23,1 |
| **Indeterminado** | 302.757 | 32,1 | 33,7 | 320.201 | 31,4 | 33,0 | 5,8 |

**(1) Número de contratos segundo lugar de residencia do traballador**
Fonte: IGE

**2.1.18.**

a tempo completo, lonxe do 75,2% de 2008. Por contra, os contratos a tempo parcial representa o 36,9% dos contratos rexistrados no último ano fronte ao 24,2% do ano 2008. O restante 0,5% corresponden aos fixos descontinuos.

Dos 46.726 contratos indefinidos ordinarios iniciais asinados en Galicia en 2017, 27.838 son a xornada completa, 14.429 a tempo parcial e 4.459 fixos descontinuos. O 64% dos contratos indefinidos a tempo completo son asinados por homes, un total de 17.841 fronte aos 9.997 asinados por mulleres, mentres que o 70% dos contratos indefinidos a tempo parcial son a mulleres.

## Contratación

No ano 2017 en Galicia confírmase un novo incremento no número de contratos, o que supón manter a tendencia iniciada en 2012. No último ano asináronse un total de 1.020.962 contratos, un 8,1% máis que ano anterior (76.848 contratos máis). Comparado co rexistrado no conxunto do Estado, Galicia mantén o seu peso relativo ao concentrar o 4,7% dos contratos asinados en España.

Do total de contratos, 987.580 corresponden a contratos iniciais, e os restantes 33.382 a contratos convertidos en indefinidos. Comparado co ano anterior, os contratos iniciais medran un 7,8% (71.952 contratos máis) e as conversións en indefinidos un 17,2% (4.896 contratos). No concernente aos contratos iniciais, o devandito incremento favorece tanto aos contratos de duración indefinida como aos de duración temporal, sen distinción de sexo (**cadro 2.1.16**).

O número total de **contratos de duración indefinida** increméntase nun 10,9%, un punto porcentual máis que a taxa rexistrada no conxunto do Estado (9,9%), situándose nos 47.411 contratos (4.674 contratos máis). Atendendo á súa distribución segundo sexos, 25.605 contratos foron asinados por homes (3.285 máis que no ano precedente) e 21.806 por mulleres (1.389 máis). A taxa de incremento da contratación indefinida nos homes é más do dobre da feminina, 14,7% fronte ao 6,8%.

Os novos contratos indefinidos asinados en 2017 en Galicia, concéntranse, no caso das mulleres no grupo de idade de maiores de 45 anos, con 6.522 novas contratadas, e na franxa entre 30 e 39 anos con 6.173. No caso dos homes, os pertencentes á franxa entre 30 e 39 anos concentran o 32,2% dos contratos indefinidos, e os maiores de 45 anos, o 28,5% (**cadro 2.1.17.**).

No que respecta á **contratación temporal**, o número de contratos de duración temporal aumentou no último ano en Galicia un 7,7%, cinco décimas máis que no conxunto do Estado, asinándose un total de 940.169 contratos, o que representa o 92,1% do total de contratos asinados na Comunidade Autónoma. Os homes asinan o 52,2% dos contratos (490.398 contratos) e as

**Contratos iniciais de traballo 2017: distribución segundo sector económico**

| | Total | | Agricultura | | Industria | | Construcción | | Servizos | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2017 | 17/16 (%) | 2017 | 17/16 (%) | 2017 | 17/16 (%) | 2017 | 17/16 (%) | 2017 | 17/16 (%) |
| Indefinido ordinario (bonif./no bonif.) | 46.726 | 10,8 | 4.033 | 0,5 | 4.475 | 14,7 | 4.055 | 34,7 | 34.163 | 9,4 |
| Persoas con discapacidade | 685 | 19,1 | 21 | 61,5 | 67 | 0,0 | 45 | 50,0 | 552 | 18,7 |
| Obra ou servizo | 327.747 | 5,6 | 18.293 | 5,4 | 60.560 | 8,3 | 27.505 | -6,5 | 221.389 | 6,5 |
| Eventual circunstancias produción | 498.981 | 13,2 | 7.302 | 19,8 | 73.409 | 19,1 | 11.266 | 3,4 | 407.004 | 12,3 |
| Interinidade | 89.554 | -4,3 | 1.124 | -0,1 | 8.680 | -16,0 | 360 | -0,8 | 79.390 | -2,9 |
| Temporal persoas discapac. | 1.451 | 10,8 | 29 | 7,4 | 269 | 26,3 | 76 | 22,6 | 1.077 | 6,8 |
| Relevo | 855 | 9,1 | 3 | - | 161 | -8,5 | 23 | -17,9 | 668 | 15,2 |
| Xubilación parcial | 1.814 | 16,6 | 16 | 100,0 | 652 | 23,3 | 84 | 6,3 | 1.062 | 13,0 |
| Sustitución xubilación 64 anos | 13 | -43,5 | - | - | - | - | - | - | 13 | -43,5 |
| Prácticas | 6.029 | -1,7 | 26 | 23,8 | 939 | 2,2 | 393 | 2,9 | 4.671 | -2,9 |
| Formación | 3.189 | -10,2 | 3 | -70,0 | 112 | -14,5 | 64 | -25,6 | 3.010 | -9,4 |
| Outros contratos | 10.536 | -27,3 | 3 | -70,0 | 26 | -36,6 | 22 | -73,8 | 10.485 | -27,0 |
| Total | 987.580 | 7,9 | 30.853 | 7,6 | 149.350 | 11,6 | 43.893 | -1,3 | 763.484 | 7,7 |

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal, *Estadística de contratos*

**2.1.19.**

**Contratos de traballo en Galicia e España 2017: distribución segundo actividade económica**

| | Galicia | | España | | Galicia/ España |
|---|---|---|---|---|---|
| | | (% / total) | | (% / total) | (%) |
| Sector primario | 30.853 | 3,1 | 3.049.634 | 14,7 | 1,0 |
| Agricultura, gandería, silvicutura e pesca | 30.853 | 3,1 | 3.049.634 | 14,7 | 1,0 |
| Industria | 149.350 | 15,1 | 2.104.955 | 10,1 | 7,1 |
| Industrias extractivas | 671 | 0,1 | 7.363 | 0,0 | 9,1 |
| Industria manufactureira | 144.453 | 14,6 | 1.985.185 | 9,5 | 7,3 |
| Subnistro enerxía eléctrica, gas, vapor e A.A. | 335 | 0,0 | 5.835 | 0,0 | 5,7 |
| Sum. agua, act. saneam., xestión de residuos e descontaminación | 3.891 | 0,4 | 106.572 | 0,5 | 3,7 |
| Construción | 43.893 | 4,4 | 1.210.484 | 5,8 | 3,6 |
| Servizos | 763.484 | 77,3 | 14.449.785 | 69,4 | 5,3 |
| Comercio por xunto e polo miúdo, reparación vehículos motor. | 112.715 | 11,4 | 2.100.470 | 10,1 | 5,4 |
| Transporte e almacenamento | 90.277 | 9,1 | 1.220.009 | 5,9 | 7,4 |
| Hostalería | 228.716 | 23,2 | 4.088.289 | 19,6 | 5,6 |
| Información e comunicación | 17.789 | 1,8 | 451.192 | 2,2 | 3,9 |
| Actividades financeiras e seguros | 5.264 | 0,5 | 95.023 | 0,5 | 5,5 |
| Actividades inmobiliarias | 1.013 | 0,1 | 52.975 | 0,3 | 1,9 |
| Activ. prof. cient.e tecn. | 26.045 | 2,6 | 614.007 | 2,9 | 4,2 |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares | 80.021 | 8,1 | 2.000.473 | 9,6 | 4,0 |
| Admón. publ. def. e sso. | 20.633 | 2,1 | 495.986 | 2,4 | 4,2 |
| Educación | 32.248 | 3,3 | 625.689 | 3,0 | 5,2 |
| Activ. san. e serv. soc. | 45.964 | 4,7 | 1.223.374 | 5,9 | 3,8 |
| Actividades artísticas, recreativas e de entretemento. | 68.541 | 6,9 | 892.919 | 4,3 | 7,7 |
| Outros servizos | 22.990 | 2,3 | 349.903 | 1,7 | 6,6 |
| Actividades do fogar | 11.000 | 1,1 | 234.343 | 1,1 | 4,7 |
| Act. de organiz. e organismos extra-territoriais | 268 | 0,0 | 5.133 | 0,0 | 5,2 |
| Total | 987.580 | 100 | 20.814.858 | 100 | 4,7 |

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal, *Estadística de contratos*

**2.1.20.**

mulleres o 47,8% restante (449.771). Ao contrario que acontece no caso da contratación indefinida, o incremento rexistrado na contratación temporal en relación ao ano anterior é superior para as mulleres que para os homes (7,9% e 7,5%, respectivamente).

Os contratos eventuais segundo circunstancias da produción e os de obra ou servizo seguen sendo os máis numerosos, ao acoller o 53,1% e o 34,9% da contratación temporal total, respectivamente.

Atendendo á duración dos contratos, os máis numerosos son os que teñen unha duración inferior a unha semana, ao concentrar case o 35,4% dos contratos temporais (3,7% do total de contratos iniciais). Séguelle en importancia, a causa do peso relativo dos contratos por obra ou servizo determinado, os contratos cunha duración indeterminada, que representan o 33% dos contratos temporais. Tal e como se desprende do **cadro 2.1.18.**, case o 47% dos contratos temporais asinados en Galicia tiveron en 2017 unha duración inferior a un mes, e un 17,6% dos contratos temporais foron de 1 a seis meses.

En canto á distribución sectorial dos contratos iniciais no ano 2017, o **cadro 2.1.19.** mostra como setenta e sete de cada cen contratos son asinados polo sector servizos (763.484 contratos), acollendo a industria quince de cada cen (149.350 contratos), a construción un 4% e o sector primario o restante 3%. Un ano máis, a industria sitúase como o sector de maior crecemento en termos porcentuais (11,6%) con 15.487 contratos máis; o sector servizos, con 54.854 contratos iniciais máis, é o que presenta un maior aumento en termosabsolutos. Fronte a estes incrementos, a construción presenta unha redución do 1,3% nos contratos iniciais rexistrados (557 contratos menos).

A desagregación sectorial por tipo de contrato mostra como, no sector servizos destaca polo seu número o contrato eventual por circunstancias da produción. Neste senso, o 53,3% do total de contratos iniciais do sector servizos son contratos deste tipo, e o 81,6% destes contratos asinados en Galicia no ano 2017 pertencen ao sector servizos. En relación ao ano anterior, oito de cada dez novos contratos asinados no sector servizos en Galicia son eventuais.

O sector no que a contratación indefinida ten un maior peso porcentual é o primario (13,1% do total de contratos), seguido da construción (9,2%). Por baixo da media galega (4,7%) situaríanse o sector servizos, cun 4,5%, e a industria, cun 3,0%.

Desagregando a nivel de rama de actividade, a “Hostalería” é quen concentra o maior número de contratos, 228.716, o 23,2% das contratacións galegas en 2017, por diante da “industria manufactureira” e do "comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor", con 144.453 e 112.715 contratos, respectivamente (14,6% e 11,4%). A continuación estarían as actividades de “Transporte e almacenamento,”, con máis de 90.277 contratos (9,1%) e as “actividades administrativas e servizos auxiliares”, con 80.021 contratos, o 8,1% dos totais (**cadro 2.1.20.)**.

Comparado co total estatal, cómpre salientar o peso relativo da contratación das industrias extractivas, que representan o 9,1% do total estatal, así como das “actividades artísticas, recreativas e de entretemento”; “transporte e almacenamento”; e industrias manufactureiras, que representan en torno a un 7,0% do total estatal cada unha.

## Poboación parada

A Enquisa de Poboación Activa estima a existencia no ano 2017 en Galicia de 195.600 persoas paradas, a cifra máis baixa dende o pico rexistrado no ano 2013, pero aínda un 72% superior ao desemprego no ano 2008.

Dende 2013, o mercado laboral galego encadea catro anos de descenso no volume de poboación parada, estimándose en 2017, 19.800 parados menos que no ano anterior. En termos porcentuais, esta caída é do 9,2%, porcentaxe inferior á media estatal (12,6%). A pesar da continúa redución da poboación activa, a devandita redución do desemprego explica o descenso da taxa de paro en Galicia, que no conxunto do ano 2017 se sitúa no 15,7%.

**Poboación parada 2017: distribución segundo sexo, nivel de formación acadada, tempo de procura de emprego e idade**

| | Galicia | | | Galicia / España | | | 17/16 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total |
| | (en miles de persoas) | | | (%) | | | (en miles de persoas) | | |
| **Total** | 97,4 | 98,3 | 195,6 | 5,1 | 4,9 | 5,0 | -11,5 | -8,3 | -19,8 |
| **Nivel de formación acadado** | | | | | | | | | |
| Analfabetos | 0,7 | 0,4 | 1,1 | 4,9 | 2,6 | 3,7 | 0,1 | 0,1 | 0,2 |
| Estudios primarios incompletos | 2,5 | 1,6 | 4,1 | 4,2 | 4,2 | 4,2 | 0,4 | -0,1 | 0,3 |
| Estudios primarios | 10,3 | 5,5 | 15,8 | 4,4 | 3,2 | 3,9 | -1,7 | -2,2 | -3,9 |
| Educación secundaria primeira etapa | 42,7 | 35,3 | 77,9 | 5,1 | 4,8 | 4,9 | -4,4 | -2,1 | -6,6 |
| Educación secundaria segunda etapa | 18,5 | 22,0 | 40,4 | 4,5 | 4,3 | 4,4 | -4,0 | -2,0 | -6,1 |
| Educación superior | 22,8 | 33,5 | 56,3 | 6,5 | 6,3 | 0,1 | -1,9 | -2,0 | -3,9 |
| **Tempo de procura de emprego** | | | | | | | | | |
| Xa atopou emprego | 6,8 | 6,9 | 13,7 | 4,3 | 4,8 | 4,5 | 1,0 | 1,3 | 2,3 |
| Menos de 1 mes | 4,3 | 5,1 | 9,3 | 4,3 | 5,2 | 4,7 | -0,8 | -0,1 | -0,9 |
| De 1 mes a menos de 3 meses | 12,1 | 11,2 | 23,2 | 4,9 | 4,5 | 4,7 | 1,2 | -0,5 | 0,7 |
| De 3 meses a menos de 6 meses | 9,9 | 10,2 | 20,2 | 4,8 | 4,9 | 4,9 | -1,1 | 0,8 | -0,3 |
| De 6 meses a menos de 1 ano | 10,2 | 10,6 | 20,7 | 4,8 | 4,4 | 4,6 | -1,9 | -2,3 | -4,2 |
| De 1 año a menos de 2 años | 13,7 | 14,4 | 28,1 | 5,4 | 4,8 | 5,1 | -2,4 | -1,8 | -4,2 |
| 2 anos ou máis | 40,5 | 40,0 | 80,5 | 5,5 | 5,2 | 5,3 | -7,4 | -5,7 | -13,1 |
| **Grupos de idade** | | | | | | | | | |
| 16 - 19 anos | 2,4 | 1,8 | 4,2 | 2,9 | 3,1 | 3,0 | 0,6 | -0,1 | 0,4 |
| 20 - 24 anos | 9,2 | 7,6 | 16,9 | 3,9 | 3,8 | 3,9 | -2,2 | -2,1 | -4,4 |
| 25 - 34 anos | 21,8 | 22,1 | 43,9 | 4,9 | 4,7 | 4,8 | -4,4 | -4,8 | -9,3 |
| 35 - 44 anos | 26,0 | 29,8 | 55,8 | 6,2 | 5,5 | 5,8 | -1,6 | -1,9 | -3,4 |
| 45 - 54 anos | 21,9 | 24,6 | 46,5 | 5,1 | 5,0 | 5,0 | -4,0 | -0,6 | -4,6 |
| Máis de 55 anos | 16,1 | 12,4 | 28,4 | 5,5 | 5,0 | 5,3 | 0,2 | 1,2 | 1,4 |

Fonte: INE, *EPA*

## 2.1.21.

O descenso no paro estimado pola EPA en 2017 favorece tanto a homes como a mulleres, aínda que de forma máis acusada no caso dos homes. En termos relativos, o descenso medio do desemprego masculino foi do 10,5% en relación ao ano anterior, 2,7 puntos porcentuais máis que a caída estimada no caso das mulleres. En termos absolutos, dos devanditos 19.800 parados menos, 11.500 persoas son homes e 8.300 mulleres (**cadro 2.1.21.**).

En relación ao desemprego por idades, o paro estimado baixa en todos os grupos de idade tanto no caso dos homes como das mulleres, agás entre os homes de 16 a 19 anos e entre homes e mulleres maiores de 55 anos. En termos absolutos os descensos máis acusados estímanse nos grupos de idade de 25 a 34 anos, con 9.300 parados menos (–17,4%), así como entre as persoas entre 45 e 54 anos con 4.600 desempregados menos (–9%), e no grupo de idade entre 20 e 24 anos con 4.400 persoas desempregadas menos que en termos relativos supón un descenso do 20,6% no número de desempregados neste grupo de idade. Entre as persoas maiores de 55 anos, o desemprego aumenta en 1.400 persoas, das que 1.200 son mulleres.

As dificultades de empregabilidade e as características socioeconómicas do colectivo de desempregados maiores de 45 anos, fan especialmente preocupante a existencia de case 75.000 desempregados que superan esta idade en Galicia en 2017, o que supón o 38,3% do paro na Comunidade Autónoma, a porcentaxe máis alta dende o comezo da crise.

Dende o ano 2008 ata 2013, o colectivo de maiores de 45 anos foi o que máis incrementou o desemprego, con 59.000 parados máis, mentres que no período de recuperación económica tan só recuperou 13.300 empregos. Así mesmo hai que ter en conta que a propia evolución e estrutura demográfica galega explica o incremento da poboación ocupada


**Taxas de paro en Galicia e España 2008-17: distribución segundo grupos de idade**

| | 2008 | 2015 | 2016 | 2017 | 17/08 |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | *(en puntos porcentuais)* |
| **Menores de 25 anos** | | | | | |
| **Galicia** | 21,05 | 43,57 | 40,31 | 34,54 | 13,49 |
| **España** | 24,45 | 48,35 | 44,46 | 38,66 | 14,21 |
| **De 16 a 19 anos** | | | | | |
| **Galicia** | 31,26 | 63,52 | 55,41 | 59,57 | 28,31 |
| **España** | 39,38 | 67,41 | 60,25 | 54,83 | 15,45 |
| **De 20 a 24 anos** | | | | | |
| **Galicia** | 18,62 | 40,72 | 38,35 | 31,29 | 12,67 |
| **España** | 20,16 | 44,60 | 41,42 | 35,29 | 15,13 |
| **Maiores de 25 anos** | | | | | |
| **Galicia** | 7,48 | 18,01 | 15,95 | 14,70 | 7,22 |
| **España** | 9,70 | 20,15 | 17,92 | 15,72 | 6,02 |
| **De 25 a 54 anos** | | | | | |
| **Galicia** | 7,80 | 18,85 | 16,65 | 15,13 | 7,33 |
| **España** | 10,07 | 20,55 | 18,21 | 15,91 | 5,84 |
| **De 55 e máis anos** | | | | | |
| **Galicia** | 5,59 | 13,90 | 12,72 | 12,83 | 7,24 |
| **España** | 7,06 | 17,93 | 16,44 | 14,76 | 7,70 |
| **Total** | | | | | |
| **Galicia** | 8,64 | 19,31 | 17,15 | 15,67 | 7,03 |
| **España** | 11,25 | 22,06 | 19,63 | 17,22 | 5,97 |

Fonte: INE-IGE

## 2.1. 22.

**Taxas de paro 2010-17: distribución segundo nivel formativo (1)**




**(1) Ata 2013 CNED2000, 2014 e seguintes CNED2014**
Fonte: IGE, *EPA*

## 2.1. 23.

nesta franxa de idade dende 36,4% da ocupación total galega en 2008 ata o 46,6% no ano 2017 (52.800 ocupados máis).

Analizando o tempo utilizado na procura de emprego, o descenso do desemprego experimentado en 2017 ven explicado na súa meirande parte pola redución do número de persoas que deixaron o seu último emprego hai máis dun ano, en concreto, das 19.800 persoas en que se reduce a poboación parada estimada 14.000 corresponden ao devandito colectivo. A nivel sectorial destaca o leve aumento no desemprego estimado no sector industrial, 100 desempregados máis, tras os descensos acadados dende o ano 2013. A hostalería segue sendo en 2017 a rama de actividade que acolle o maior número de desempregados, con 13.000 persoas, o 6,6% do paro galego. Asemade, cómpre destacar a redución no paro estimado no subsector de transporte e almacenamento, con 2.000 parados menos (-38,5%), acadando un desemprego total de 3.200 persoas, así como no sector da construción, con 2.800 parados menos (–33,7%).

A taxa de paro estimada para Galicia no conxunto do ano 2017 situouse no 15,7%, 1,5 puntos porcentuais por debaixo da media estatal. As taxas de desemprego galegas foron inferiores á media estatal, tanto para os homes (15% por 15,7% de media en España) como para as mulleres (16,4% fronte ao 19% no Estado). As taxas de paro no último ano en Galicia reducíronse con menor intensidade que na media do Estado, 1,4 puntos porcentuais no caso das mulleres, fronte á redución de 2,4 puntos porcentuais acaecida no conxunto do Estado, mentres que nos homes a redución foi de 1,5 puntos fronte aos 2,5 puntos porcentuais de media en España.

O **cadro 2.1.22.** mostra a evolución das taxas de paro ao longo dos últimos anos, sendo evidente o grave problema de paro xuvenil existente tanto en Galicia como en España. A pesar da redución nos últimos anos, as taxas de paro dos menores de 25 anos sitúanse no ano 2017 no 34,5% (40,3% no ano 2016), máis de catro puntos por baixo da media española (38,7%); en tanto que as dos maiores de 25 anos descende ata o 14,7%, un punto porcentual menos que no conxunto do Estado (15,7%).

Tal como acontecía no ano anterior, o número medio de desempregados aumenta no ano 2017 nos niveis formativos máis baixos (analfabetos e estudos primarios). En termos porcentuais, o descenso do número de parados con estudos primarios foi de case o 20% en relación ao ano anterior (3.900 persoas paradas menos), descendendo nun 13% no caso da 2ª etapa de educación secundaria (6.100 parados menos) seguido pola 1ª etapa da educación secundaria cun 7,8% de persoas desocupadas menos (6.600 persoas) e a educación superior, cun -6,5% (3.900 persoas). O **cadro 2.1.23.** mostra a relación inversa que existe entre paro e nivel formativo: dunha banda, as taxas de paro son menores canto maior é o nivel de formación; doutra, tan só as persoas con estudos superiores ou educación secundaria 2ª etapa presentan unha taxa de paro inferior á media galega (11,1% e 14,8% respectivamente no último ano).

O descenso do desemprego en Galicia no ano 2017 estendese ás catro provincias, sendo no último ano a provincia da Coruña a que presenta o maior descenso en termos absolutos, con 6.800 desempregados menos, e a provincia de Ourense a que presenta un maior descenso en termos relativos (–16,6%). Na provincia de Pontevedra o desemprego redúcese en 5.200 persoas (6,1% menos que no ano anterior), e finalmente, na provincia de Lugo o descenso foi dun 15,7%, 3.600 persoas desempregadas menos. Pontevedra segue a ser a provincia con maior número de parados (79.500 persoas) por diante da Coruña (75.200), Ourense (21.600 persoas) e Lugo (19.300).

## Datos rexistrados nas oficinas de emprego

O paro rexistrado nas oficinas de emprego de Galicia descende no ano 2017, pero rompendo a tendencia dos tres anos anteriores, en 2017 o ritmo de descenso é inferior ao do conxunto do Estado. No ano 2017 o desemprego rexistrado descendeu ata as 194.400 persoas (o 5,5% do total estatal), o que supón unha redución do 8,6% respecto ao ano anterior (18.200 persoas menos), sete décimas menos que en España.

Os datos mensuais do paro rexistrado, recollidos no **cadro 2.1.24.**, reflicten unha baixada nos sete primeiros meses do ano, un aumento nos meses de setembro,

## Paro rexistrado en Galicia e España 2008-17 (1)


| | Galicia | España | Galicia /España | Galicia | España |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en miles de persoas)* | | *(%)* | *(% de variación interanual)* | |
| **2008** | 162,5 | 2.539,9 | 6,40 | 7,9 | 24,6 |
| **2009** | 206,2 | 3.644,0 | 5,66 | 26,9 | 43,5 |
| **2010** | 226,2 | 4.060,8 | 5,57 | 9,7 | 11,4 |
| **2011** | 241,3 | 4.257,2 | 5,67 | 6,7 | 4,8 |
| **2012** | 270,5 | 4.720,4 | 5,73 | 12,1 | 10,9 |
| **2013** | 276,0 | 4.845,3 | 5,70 | 2,0 | 2,6 |
| **2014** | 257,0 | 4.575,9 | 5,62 | -6,9 | -5,6 |
| **2015** | 233,4 | 4.232,1 | 5,52 | -9,1 | -7,5 |
| **2016** | 212,6 | 3.868,9 | 5,50 | -8,9 | -8,6 |
| **2017** | 194,4 | 3.507,7 | 5,54 | -8,6 | -9,3 |
| **xaneiro** | 212,1 | 3.760,2 | 5,64 | -10,3 | -9,4 |
| **febreiro** | 211,9 | 3.750,9 | 5,65 | -9,9 | -9,7 |
| **marzo** | 210,1 | 3.702,3 | 5,67 | -9,4 | -9,6 |
| **abril** | 204,6 | 3.573,0 | 5,73 | -10,3 | -10,9 |
| **maio** | 199,6 | 3.461,1 | 5,77 | -9,4 | -11,1 |
| **xuño** | 189,7 | 3.362,8 | 5,64 | -8,5 | -10,7 |
| **xullo** | 181,9 | 3.335,9 | 5,45 | -7,0 | -9,4 |
| **agosto** | 181,1 | 3.382,3 | 5,36 | -6,2 | -8,5 |
| **setembro** | 184,1 | 3.410,2 | 5,40 | -5,3 | -8,3 |
| **outubro** | 185,9 | 3.467,0 | 5,36 | -6,6 | -7,9 |
| **novembro** | 187,2 | 3.474,3 | 5,39 | -8,0 | -8,3 |
| **decembro** | 185,0 | 3.412,8 | 5,42 | -10,2 | -7,8 |

**(1) datos anuais: en medias anuais; datos mensuais: último día de cada mes**

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Movimiento laboral registrado*

**2.1. 24.**

## Paro rexistrado 2008-17: evolución mensual




Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Movimiento laboral registrado*

**2.1. 25.**

**Paro rexistrado en Galicia e España 2017 (1): distribución segundo sector de actividade**


**2017**

| | Total | Agricultura e Pesca | Industria | Construción | Servizos | Sen emprego anterior |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | *(en miles de persoas)* | | |
| **Galicia** | 194.428 | 7.128 | 22.606 | 19.702 | 128.487 | 16.505 |
| **A Coruña** | 76.173 | 1.982 | 8.826 | 8.388 | 50.515 | 6.462 |
| **Lugo** | 19.325 | 1.004 | 1.522 | 2.125 | 12.973 | 1.702 |
| **Ourense** | 21.665 | 1.172 | 2.658 | 2.174 | 13.622 | 2.038 |
| **Pontevedra** | 77.266 | 2.969 | 9.601 | 7.015 | 51.378 | 6.303 |
| **España** | 3.507.743 | 168.379 | 316.872 | 329.073 | 2.385.825 | 307.594 |

**17/16**

| | Total | Agricultura e Pesca | Industria | Construción | Servizos | Sen emprego anterior |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | *(%)* | | |
| **Galicia** | -8,5 | -10,2 | -11,6 | -19,2 | -6,4 | -5,4 |
| **A Coruña** | -8,3 | -13,5 | -11,6 | -19,5 | -5,8 | -4,6 |
| **Lugo** | -7,9 | -8,6 | -13,5 | -17,0 | -5,8 | -4,7 |
| **Ourense** | -8,5 | -6,5 | -13,5 | -18,8 | -6,3 | -4,3 |
| **Pontevedra** | -8,9 | -10,0 | -10,7 | -19,6 | -7,0 | -6,7 |
| **España** | -9,3 | -10,6 | -12,3 | -18,2 | -7,6 | -8,2 |

*(taxas de variación interanuais)*




**(1) medias anuais**

Fonte: IGE; Ministerio de Empleo y Seguridad Social

**2.1.26.**

outubro e novembro e un novo descenso no mes de decembro. En termos de taxas de variación interanual, o **cadro 2.1.25.** mostra unha redución do paro rexistrado en todos os meses do ano.

Ao igual que acontece para o conxunto da Comunidade Autónoma, ao longo dos últimos anos o paro rexistrado descende tanto nas catro provincias galegas como en ambos os dous sexos. No último ano Pontevedra é a provincia que máis reduce o volume de paro rexistrado tanto en termos absolutos como relativos (7.539 parados rexistrados menos en relación ao ano anterior, un –8,9%) seguida de A Coruña con 6.926 parados menos (–8,3%). A pesar desta evolución, Pontevedra mantense como a provincia con maior nivel de desemprego, con 77.266 persoas rexistradas no Servizo Pú-

blico de emprego, lixeiramente por diante de A Coruña, con 76.173 persoas. En Ourense e Lugo o paro rexistrado descende ata as 21.665 e 19.325 persoas, respectivamente.

O descenso no volume de homes e mulleres rexistrados nas oficinas de emprego non ten a mesma intensidade, sendo superior no caso dos homes. O número de mulleres apuntadas nas oficinas de emprego no último ano situouse en 109.048 persoas, 7.095 menos que no ano anterior (-6,1%) mentres que había rexistrados un total de 85.380 homes, 11.035 menos que en 2016 (un 11,4% menos).

Dende 2014, ano no que comeza a recuperación económica, ata 2017 o volume de poboación parada rexistrada en Galicia redúcese en case 82.000 persoas, o 71,9% do incremento rexistrado ao longo do período 2008-2013 (113.495 persoas). Esta porcentaxe é superior no caso das mulleres (74,3%), onde tras un incremento de 43.398 persoas no período 2008-2013 o paro redúcese en 32.260 mulleres dende 2014, que no dos homes, que se sitúa no 70,3% (aumenta o paro en 70.098 persoas e redúcese en 49.319 entre os anos 2014 e 2017).

Desagregando por grupos de idade, o desemprego rexistrado no ano 2017 redúcese en todos os grupos de idade agás no dos maiores de 60 anos, que medra en 149 persoas. En termos relativos, o descenso do paro en relación ao rexistrado no ano anterior supera lixeiramente o 13% no caso das persoas con idades comprendidas entre os 30 e 34 anos e entre 35 e 39 (–2.992 e -3.689 persoas, respectivamente), nos grupos de idade entre 25 e 29 anos (–2.113) a caída foi do 11,8%. Os grupos de idade con descensos inferiores á media galega (–8,5%) foron os de entre 16 e 19 anos (–5,7%), entre 50 e 54 anos (–7,4%) e entre 55 e 59 anos (–5,2%).

Máis da metade das 194.428 persoas paradas rexistradas no ano 2017 teñen máis de 45 anos. Atendendo aos distintos grupos quinquenais, os colectivos con maior nivel de desemprego son os de 55 a 59 anos (14,2%), seguido polos de 45-49 e 40-44 anos, cunha porcentaxe superior ao 13% en ámbolos dous casos.

A nivel sectorial, destaca o descenso do paro rexistrado en todos os sectores produtivos salientando novamente a construción, cunha caída do 19,2% (4.683 persoas paradas menos que no ano anterior), e o sector industrial, cunha redución do 11,6% en relación ao ano anterior (–2.958 persoas). No caso dos servizos a caída do desemprego foi do 6,4% (8.734 persoas), superando lixeiramente o 10% no caso da actividade agraria e pesqueira (–814 persoas).

Tras esta evolución, os datos recollidos no **cadro 2.1.26.** amosan que o sector servizos acolle un total de 128.487 parados, o 66,1% dos parados rexistrados en Galicia (68% en España), seguíndolle en importancia o sector industrial, con 22.606 parados, o 11,6% (9% no conxunto do Estado). O número de parados rexistrados nas actividades da construción sitúase en 19.702 persoas, o 10,1% do total galego (9,4% en España) e no sector primario 7.128 persoas, o 3,7% (4,8% do total de paro rexistrado de media a nivel estatal).

O dinamismo da actividade económica desde o ano 2014 incidiu nun descenso continuado do desemprego nos distintos sectores, destacando tanto a evolución do sector industrial como o da construción. Dunha banda, o número de parados rexistrados nas actividades industriais é menor ao existente no ano 2008. Doutra banda, a construción recupera a totalidade do emprego perdido na crise económica. No caso do sector servizos o descenso do número de desempregados nos últimos anos fixo que se recuperara o 47% do emprego destruído na crise, porcentaxe similar á do sector primario.

## Poboación inactiva

Na Enquisa de Poboación Activa (EPA) a poboación economicamente inactiva comprende a aquelas persoas que se ocupan do seu fogar; estudantes; xubilados ou prexubilados; persoas que perciben unha pensión distinta da de xubilación e de prexubilación; persoas que realizan, sen remuneración, traballos sociais, actividades de tipo benéfico (excluídas as que son axudas familiares); incapacitados para traballar; e outras situacións: en xeral, persoas que, sen exercer actividade económica, reciben axuda pública ou pri-

**Poboación inactiva en Galicia e España 2008-17 (1): distribución segundo sexo e clase de inactividade**

| | Galicia | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | 2008 | 2015 | 2016 | 2017 | 2017/08 |
| | | *(en miles de persoas)* | | | *(%)* |
| **Total** | 1.086,3 | 1.097,5 | 1.093,7 | 1.093,6 | 0,7 |
| **Homes** | 422,8 | 467,4 | 467,1 | 472,0 | 11,6 |
| **Mulleres** | 663,5 | 630,1 | 626,7 | 621,5 | -6,3 |
| **Estudiante** | 147,9 | 144,0 | 142,2 | 144,0 | -2,6 |
| **Homes** | 65,5 | 71,1 | 69,4 | 72,4 | 10,5 |
| **Mulleres** | 82,4 | 72,9 | 72,8 | 71,6 | -13,1 |
| **Xubilado** | 468,4 | 506,2 | 512,1 | 517,4 | 10,5 |
| **Homes** | 263,3 | 290,1 | 293,3 | 297,5 | 13,0 |
| **Mulleres** | 205,2 | 216,1 | 218,8 | 219,8 | 7,1 |
| **Labores do fogar** | 240,0 | 213,4 | 212,6 | 209,7 | -12,6 |
| **Homes** | 21,6 | 28,4 | 31,3 | 30,5 | 41,2 |
| **Mulleres** | 218,4 | 185,0 | 181,3 | 179,1 | -18,0 |
| **Incapacidade permanente** | 111,8 | 91,6 | 86,0 | 88,9 | -20,5 |
| **Homes** | 50,8 | 47,6 | 43,7 | 45,3 | -10,8 |
| **Mulleres** | 61,0 | 44,0 | 42,3 | 43,5 | -28,7 |
| **Perceptor de pensión distinta á de xubilac./prexubilac.** | 97,6 | 123,9 | 123,8 | 116,6 | 19,5 |
| **Homes** | 8,6 | 16,6 | 17,8 | 15,0 | 74,4 |
| **Mulleres** | 89,0 | 107,3 | 106,0 | 101,7 | 14,3 |
| **Outra** | 20,5 | 18,4 | 17,0 | 17,1 | -16,6 |
| **Homes** | 13,0 | 13,6 | 11,6 | 11,3 | -13,1 |
| **Mulleres** | 7,5 | 4,9 | 5,4 | 5,8 | -22,7 |

| | España | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | 2008 | 2015 | 2016 | 2017 | 2017/08 |
| | | *(en miles de persoas)* | | | *(%)* |
| **Total** | 15.324,6 | 15.575,5 | 15.708,8 | 15.912,4 | 3,8 |
| **Homes** | 5.747,8 | 6.433,6 | 6.540,3 | 6.631,0 | 15,4 |
| **Mulleres** | 9.576,7 | 9.141,9 | 9.168,5 | 9.281,4 | -3,1 |
| **Estudiante** | 2.259,2 | 2.491,7 | 2.551,9 | 2.577,8 | 14,1 |
| **Homes** | 1.049,9 | 1.226,1 | 1.262,6 | 1.278,1 | 21,7 |
| **Mulleres** | 1.209,3 | 1.265,6 | 1.289,3 | 1.299,7 | 7,5 |
| **Xubilado** | 5.181,3 | 5.968,7 | 6.089,9 | 6.227,2 | 20,2 |
| **Homes** | 3.503,7 | 3.901,8 | 3.964,6 | 3.997,4 | 14,1 |
| **Mulleres** | 1.677,6 | 2.067,0 | 2.125,3 | 2.229,8 | 32,9 |
| **Labores do fogar** | 4.606,3 | 3.791,9 | 3.784,6 | 3.761,2 | -18,3 |
| **Homes** | 285,6 | 356,5 | 377,9 | 371,4 | 30,0 |
| **Mulleres** | 4.320,8 | 3.435,5 | 3.406,7 | 3.389,9 | -21,5 |
| **Incapacidade permanente** | 1.099,8 | 1.207,7 | 1.208,3 | 1.257,2 | 14,3 |
| **Homes** | 472,9 | 560,8 | 557,1 | 580,2 | 22,7 |
| **Mulleres** | 627,0 | 646,9 | 651,2 | 677,0 | 8,0 |
| **Perceptor de pensión distinta á de xubilac./prexubilac.** | 1.796,6 | 1.768,5 | 1.749,1 | 1.709,5 | -4,8 |
| **Homes** | 170,5 | 161,6 | 163,7 | 166,6 | -2,3 |
| **Mulleres** | 1.626,0 | 1.606,9 | 1.585,4 | 1.542,9 | -5,1 |
| **Outra** | 381,3 | 347,0 | 325,1 | 379,5 | -0,5 |
| **Homes** | 265,2 | 226,9 | 214,4 | 237,3 | -10,5 |
| **Mulleres** | 116,1 | 120,1 | 110,7 | 142,2 | 22,5 |

**(1) en medias anuais**
Fonte: INE, *EPA*

**2.1.27.**

vada, e todas aquelas non incluídas nas categorías anteriores.

O número de persoas inactivas en Galicia no ano 2017 mantense estable en relación ao ano anterior, acadando as 1.093.600 persoas, o 6,9% do total estatal. O número de mulleres inactivas no ano 2017 é un 0,8% inferior ao do ano anterior, (5.200 mulleres inactivas menos), fronte ao aumento do 1%, 4.900 persoas máis, no caso dos homes. No ano 2017, o 73% dos inactivos son maiores de 55 anos, producíndose un incremento de 4.100 inactivos maiores de 65 anos en relación ao ano anterior.

No concernente á clase principal de inactividade, en Galicia incrementouse en 2017 en relación ao ano anterior, o número de estudantes, de persoas xubiladas e de persoas cunha incapacidade permanente; reducíndose o número de persoas que se dedican ás labores do fogar e das persoas perceptoras dunha pensión distinta a de xubilación ou prexubilación.

Tras un incremento de 5.300 persoas, as persoas xubiladas representan o 47,3% da poboación inactiva en Galicia, porcentaxe significativamente superior á media estatal (39,1%). A segunda causa máis importante é a de persoas dedicadas ás labores do fogar, que representa o 19,2% da poboación inactiva (209.700 persoas), 4,5 puntos porcentuais menos que en España, seguido polos estudantes, que representan o 13,2% (144.000 persoas), tres puntos porcentuais menos que no Estado.

En Galicia o 85,4% das persoas inactivas debido a que se dedican ás "labores de fogar" son mulleres (179.100 persoas), case cinco puntos porcentuais menos que no conxunto do Estado, mentres que pola contra, o peso relativo das mulleres no total de xubilados en Galicia é do 42,5% (219.800 mulleres), case sete puntos por riba da media estatal (**cadro 2.1.27.**).

Analizando os motivos de non buscar emprego, descende en 1.600 o número de persoas que creen que non van a atopar emprego, así como continua a caída das persoas que afirman ter outras responsabilidades familiares ou persoais, con 6.900 persoas inactivas menos. No ano 2017 o motivo máis importante para non buscar emprego é o de estar xubilado, con 270.800 persoas (24,8%), seguido polo de estar cursando estudos ou recibindo formación, con 141.000 persoas (12,9%) e de enfermidade ou incapacidade propia, con 123.800 persoas (11,3%).

A súa desagregación segundo sexos, noventa e dous de cada cen inactivos por coidado de nenos ou de adultos enfermos, discapacitados ou maiores son mulleres (32.700 mulleres), sendo esta relación de oitenta e sete de cada cen no caso de ter outras responsabilidades familiares ou persoais (53.400 mulleres). Atendendo á evolución respecto ao ano anterior, as principais causas do descenso entre os homes inactivos é a caída no número de xubilados con 2.500 menos, mentres que entre as mulleres salienta de xeito moi importante a redución en 7.300 no número de mulleres que sinalan ter outras responsabilidades familiares ou persoais distintas do coidado de menores ou adultos enfermos ou discapacitados, para permanecer nunha situación de inactividade. ❑


2

# 2.2. Custos e salarios

O aumento salarial pactado en Galicia no conxunto dos sectores non primarios experimentou unha medra nominal do 1,52%, seis décimas superior ao incremento rexistrado no ano anterior, o que o sitúa, a diferenza do acontecido no ano anterior, por riba do incremento no conxunto do Estado. Esta subida ven motivada tanto pola evolución dos convenios doutro ámbito, que experimentan un incremento do 1,56% en relación ao ano anterior (0,97% no ano 2016), como nos convenios de empresa, cunha medra do 1,08% (0,65% no ano anterior). Como se aprecia no **cadro 2.2.1.**, Galicia presenta aumentos salariais superiores aos do último ano, situándose por riba do rexistrado de media no conxunto do Estado no caso dos convenios doutro ámbito.

O custo laboral é o custo total no que incorre unha persoa empregadora pola utilización do factor traballo, incluíndo, polo tanto, o custo salarial así como os chamados "outros custos" (prestacións non salariais e cotizacións obrigatorias á Seguridade Social). Ao igual que no ano anterior, o custo laboral por traballador e mes aumenta en Galicia no ano 2017, situándose este incremento no 1,8% (0,2% de media no conxunto do Estado) para situarse nos 2.288,87 euros de media, un 10,1% menos que en España. Comparado co resto das CC.AA. Galicia sitúase como a quinta Comunidade Autónoma cos custos laborais máis baixos segundo os datos da Enquisa trimestral do mercado laboral (INE), tan só por riba de Estremadura (2.081,34 euros por traballador e mes), Canarias (2.169,54 euros), Murcia (2.272,48 euros) e Andalucía (2.281,93 euros).

O sector de actividade cos custos laborais máis elevados en Galicia e España foi novamente a industria, cunha media de 2.712,02 euros en Galicia, o 88,5% da media estatal (**cadro 2.2.2.**). Séguenlle a construción, cun custo medio de 2.396,51 euros (o 92% do custo medio estatal) e os servizos, con 2.175,64 euros (o 88,9% da media española).

O importe das ganancias salariais (pagos ordinarios) por traballador e mes sitúa a Galicia como a cuarta Comunidade Autónoma cos custos salariais ordinarios máis baixos, por detrás de Estremadura (1.328,01 euros), Canarias (1.419,91 euros) e Murcia (1.435,91 euros). Tras un incremento do 1,8% respecto ao ano

**Variación salarial pactada en Galicia e España 2008-2017**

| | 2008 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | (%) | | |
| **Galicia** | | | | | |
| **Convenios totais** | 4,19 | 0,99 | 0,76 | 0,92 | 1,52 |
| **Convenios de empresa** | 3,43 | 0,47 | 0,55 | 0,65 | 1,08 |
| **Convenios doutro ámbito** | 4,29 | 1,13 | 0,79 | 0,97 | 1,56 |
| **España** | | | | | |
| **Convenios totais** | 3,00 | 0,57 | 0,74 | 1,06 | 1,43 |
| **Convenios de empresa** | 3,00 | 0,45 | 0,49 | 0,71 | 1,14 |
| **Convenios doutro ámbito** | 3,00 | 0,58 | 0,75 | 1,08 | 1,45 |

(data da consulta 13-02-2018)
(1) Convenios doutro ámbito: convenios de ámbito superior á empresa

## 2.2. 1.

**Custos laborais en Galicia e España 2016-17: distribución segundo sectores económicos e compoñentes**

**2016**

| | Galicia | | | | España | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Industria | Construción | Servizos | Total | Industria | Construción | Servizos |
| | | | | (en euros) | | | | |
| **Custo laboral por traballador e mes** | 2.248,26 | 2.696,04 | 2.364,58 | 2.128,95 | 2.541,34 | 3.044,99 | 2.621,62 | 2.442,58 |
| **Custo salarial total** | 1.654,98 | 1.987,18 | 1.615,68 | 1.577,78 | 1.897,50 | 2.266,03 | 1.854,74 | 1.832,05 |
| **Custo salarial ordinario** | 1.446,93 | 1.656,01 | 1.450,03 | 1.395,89 | 1.636,10 | 1.897,91 | 1.606,78 | 1.589,54 |
| **Outros custos** | 593,28 | 708,87 | 748,90 | 551,18 | 643,84 | 778,96 | 766,88 | 610,53 |
| **Custo por percepcións non salariais** | 63,40 | 65,39 | 128,94 | 57,01 | 70,69 | 77,70 | 109,43 | 66,79 |
| **Custo por cotizacións obrigatorias** | 542,32 | 656,93 | 632,07 | 506,40 | 588,07 | 716,74 | 669,98 | 558,72 |
| **Subvencións e bonificacións da S. Social** | 12,45 | 13,45 | 12,11 | 12,23 | 14,92 | 15,47 | 12,53 | 14,98 |
| **Custo laboral por hora efectiva** | | | | | | | | |
| **Custo total por hora** | 17,37 | 19,51 | 16,11 | 16,93 | 19,77 | 21,88 | 18,24 | 19,45 |
| **Custo salarial total por hora** | 12,78 | 14,38 | 11,01 | 12,55 | 14,76 | 16,28 | 12,90 | 14,59 |
| **Custos salarial ordinario por hora** | 11,18 | 11,98 | 9,88 | 11,10 | 12,74 | 13,65 | 11,19 | 12,67 |
| **Outros custos por hora** | 4,59 | 5,13 | 5,10 | 4,38 | 5,01 | 5,60 | 5,34 | 4,86 |


**2017**


| | Galicia | | | | España | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Industria | Construción | Servizos | Total | Industria | Construción | Servizos |
| | | | | (en euros) | | | | |
| **Custo laboral por traballador e mes** | 2.288,87 | 2.712,02 | 2.396,51 | 2.175,64 | 2.547,36 | 3.065,29 | 2.604,68 | 2.448,05 |
| **Custo salarial total** | 1.687,42 | 1.999,60 | 1.654,07 | 1.614,27 | 1.900,10 | 2.279,38 | 1.843,04 | 1.834,25 |
| **Custo salarial ordinario** | 1.472,28 | 1.671,68 | 1.466,58 | 1.424,10 | 1.639,23 | 1.908,92 | 1.606,23 | 1.591,89 |
| **Outros custos** | 601,45 | 712,42 | 742,44 | 561,37 | 647,26 | 785,91 | 761,65 | 613,80 |
| **Custo por percepcións non salariais** | 56,56 | 62,81 | 109,30 | 50,17 | 67,94 | 73,74 | 98,42 | 64,74 |
| **Custo por cotizacións obrigatorias** | 555,89 | 661,76 | 642,05 | 522,12 | 592,99 | 725,53 | 673,59 | 563,00 |
| **Subvencións e bonificacións da S. Social** | 11,00 | 12,14 | 8,91 | 10,91 | 13,66 | 13,37 | 10,37 | 13,94 |
| **Custo laboral por hora efectiva** | | | | | | | | |
| **Custo total por hora** | 17,64 | 19,36 | 16,44 | 17,31 | 19,79 | 22,04 | 18,04 | 19,47 |
| **Custo salarial total por hora** | 13,01 | 14,28 | 11,35 | 12,84 | 14,76 | 16,39 | 12,77 | 14,59 |
| **Custos salarial ordinario por hora** | 11,35 | 11,93 | 10,05 | 11,33 | 12,74 | 13,73 | 11,13 | 12,66 |
| **Outros custos por hora** | 4,64 | 5,08 | 5,09 | 4,47 | 5,03 | 5,65 | 5,28 | 4,88 |

Fonte: INE, *Encuesta trimestral de coste laboral*

## 2.2. 2.

**Produtividade aparente de factor traballo en Galicia 2008, 2014, 2016 e 2017. España = 100**




## 2.2. 3.

anterior (0,2% no conxunto de España) estas ganancias acadaron no último ano os 1.472,28 euros, 166,95 euros menos que a media estatal.

• **Produtividade aparente do factor traballo**

Tal como se analiza con máis detemento no capítulo 2 desta Memoria, a recuperación da actividade económica, cun incremento do PIB real superior ao 3% no ano 2017, reflíctese na evolución do mercado de traballo, que experimenta un incremento da ocupación tanto se se mide a través da poboación ocupada (1,2%) como das afiliacións e postos de traballo equivalentes a xornada completa (2,1% e 1,8%, respectivamente). Non obstante, a pesar do dinamismo económico no último ano continúa o descenso da poboación activa, producíndose este a un ritmo superior ao rexistrado no ano anterior (0,6% e 0,4%, respectivamente).

A partir dos datos recollidos nas *Contas trimestrais*, pódese realizar unha aproximación á produtividade aparente do factor traballo (PFT), tomando como indicadores ben o cociente entre o PIB nominal e o emprego equivalente a xornada completa, ben como a relación entre o PIB e o número de horas traballadas. En 2017, o PIB en termos monetarios (prezos correntes) medrou un 4,1% en Galicia, unha décima máis que no conxunto do Estado, en tanto que o número de postos de traballo medrou un 1,8% e as horas traballadas un 1,2%. Deste xeito a produtividade mellorou un 2,3% no primeiro caso, e un 2,9% se se mide en relación ás horas traballadas (1,2% e 2,3% no Estado, respectivamente).

A pesar da tendencia positiva rexistrada nos últimos anos, os devanditos indicadores seguen a estar por baixo da media española. Como se aprecia no **cadro 2.2.3.**, se se considera o número de postos de traballo equivalentes a tempo completo, a PFT en Galicia supón en 2017 o 94,7% da produtividade no conxunto do Estado, fronte ao 87,8% do ano 2008 e o 92,1% de 2014. No caso da produtividade por hora traballada, esta porcentaxe é do 88,9% en 2017 fronte ao 82,1% de 2008 (86,1% en 2014).

Atendendo á súa distribución sectorial, todos os sectores presentan en Galicia unha produtividade aparente do emprego inferior á do conxunto do Estado, salientando o reducido peso da industria manufactureira. Os dous indicadores mencionados sitúanse por baixo do 80% da media estatal. Asemade, cómpre salientar unha evolución máis positiva en comparación co conxunto de España no caso dos sectores de construción e os servizos, a diferenza do acontecido no caso do sector primario, que no último ano presenta tamén unha produtividade inferior á media española tamén no caso da relación PIB e número de postos de traballo equivalentes a tempo completo


## Ingresos salariais nas fontes tributarias

O estudo dos ingresos salariais realízase sobre os datos proporcionados pola estatística *Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias* que se basea nas declaracións anuais do Modelo 190. A Axencia Tributaria aborda a visión do mercado laboral dende unha dobre perspectiva: a da entidade que emprega e redistribúe, e a do perceptor de salarios, pensións e prestacións por desemprego. O apartado deste capítulo céntrase na óptica do perceptor e máis concretamente nos asalariados. O colectivo de asalariados está formado por aquelas persoas cuxas percepcións están declaradas na clave A (empregados por conta allea en xeral), que inclúe todas aquelas percepcións, dinerarias ou en especie, que teñan sido satisfeitas pola persoa ou entidade declarante en concepto de rendemento de traballo.

Tal como se indica en memorias anteriores, o número de asalariados nas publicacións da Axencia Tributaria difire do que se pode encontrar noutras fontes como a Enquisa de Poboación Activa, o rexistro de Afiliación á Seguridade Social ou a Contabilidade Nacional. Aparte das distintas definicións e ámbitos, o principal motivo destas diferencias é o feito que as poboacións das estatísticas baseadas en fontes fiscais son enumeracións de individuos que pasaron por unha determinada situación e non un promedio anual que é como se soen presentar as cifras noutras estatísticas do mercado de traballo.

Dito doutra forma, un individuo que só traballara un mes no ano suma 1 nas estatísticas derivadas de fontes

**Evolución do salario medio anual (1) en Galicia e España 2008-2016. Distribución segundo sexos**




**(1) O salario medio nas fontes de carácter fiscal é un salario medio anual que se refire a un ámbito xeográfico limitado de territorio de Réxime Fiscal Común e un ámbito temporal anual, e se mide como os rendementos do traballo declarados divididos polo número de asalariados.**

Fonte: Agencia Tributaria

## 2.2.4.

fiscais, mentres que sumaría unha porción de asalariado equivalente 1/12 nos datos anuais do resto de estatísticas citadas.

No que respecta aos salarios tamén hai diferencias, por parecidos motivos. O salario medio nas fontes de carácter fiscal é un salario medio anual que se refire a un ámbito xeográfico limitado de territorio de Réxime Fiscal Común e un ámbito temporal anual, e se mide como os rendementos do traballo declarados divididos polo número de asalariados. A masa salarial aproximada polos rendementos do traballo ten lixeiras diferencias conceptuais coa masa salarial medida noutras fontes estatísticas. Pero sobre todo os asalariados, como se ten comentado, mídense aquí sen ter en conta o tempo que permaneceran no mercado de traballo. Deste xeito prodúcese un sesgo á baixa do salario medio en comparación con outras estatísticas nas cales o denominador é o número de asalariados en promedio anual.

Os datos do ano 2016, últimos dispoñibles, mostran que os ingresos salariais medios declarados en Galicia a Facenda ascenderon ata os 18.114 euros, o 96,2% do total estatal, o que a sitúa nunha posición intermedia en relación ao resto das CC.AA. Como se aprecia no **gráfico 2.2.4.**, o salario medio aumenta en 275 euros en relación ao declarado no ano anterior, consecuencia dun incremento do 3,3% da masa salarial asociado a un aumento do 1,7% do número de asalariados. No conxunto do Estado o salario medio aumenta en 190 euros tendo en conta que a masa salarial medra un 4,2% e o número de asalariados, un 3,1%.

**Asalariados (2) e salario medio por tramo salarial: 2008-2016 (1)**

| | 2008 | | | | 2016 | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Asalariados | | Salario Medio Anual | | Asalariados | | Salario Medio Anual | |
| | | (%) | (euros) | (%) | | (%) | (euros) | (%) |
| De 0 a 0,5 SMI | 152.228 | 13,4 | 1.851 | 10,4 | 183.106 | 18,1 | 1.862 | 10,3 |
| De 0,5 a 1 SMI | 131.332 | 11,6 | 6.367 | 35,9 | 128.987 | 12,7 | 6.938 | 38,3 |
| De 1 a 1,5 SMI | 167.344 | 14,7 | 10.651 | 60,1 | 144.196 | 14,3 | 11.581 | 63,9 |
| De1,5 a 2 SMI | 221.650 | 19,5 | 14.737 | 83,1 | 167.959 | 16,6 | 16.051 | 88,6 |
| De 2 a 2,5 SMI | 146.661 | 12,9 | 18.678 | 105,3 | 119.305 | 11,8 | 20.446 | 112,9 |
| De 2,5 a 3 SMI | 84.978 | 7,5 | 22.915 | 129,2 | 71.890 | 7,1 | 25.072 | 138,4 |
| De 3 a 3,5 SMI | 60.406 | 5,3 | 27.250 | 153,6 | 57.051 | 5,6 | 29.742 | 164,2 |
| De 3,5 a 4 SMI | 44.760 | 3,9 | 31.419 | 177,1 | 40.819 | 4,0 | 34.225 | 188,9 |
| De 4 a 4,5 SMI | 36.111 | 3,2 | 35.621 | 200,8 | 30.574 | 3,0 | 38.846 | 214,5 |
| De 4,5 a 5 SMI | 26.756 | 2,4 | 39.621 | 223,4 | 19.690 | 1,9 | 43.283 | 238,9 |
| De 5 a 7,5 SMI | 44.097 | 3,9 | 49.837 | 281,0 | 34.757 | 3,4 | 54.622 | 301,5 |
| De 7,5 a 10 SMI | 12.103 | 1,1 | 71.566 | 403,5 | 9.056 | 0,9 | 77.658 | 428,7 |
| Máis de 10 SMI | 6.428 | 0,6 | 126.346 | 712,4 | 4.388 | 0,4 | 170.702 | 942,4 |
| TOTAL | 1.134.854 | 100 | 17.736 | 100 | 1.011.778 | 100 | 18.114 | 100 |

**(1) SMI en 2008: 8.400 € en 2016 a 9.172,80 €**

**(2) Asalariados; Todas aquelas persoas cuxas percepcións están declaradas na clave A (empregados por conta allea en xeral), que inclúe todas aquelas percepcións, dinerarias ou en especie, que teñan sido satisfeitas pola persoa ou entidade declarante en concepto de rendemento de traballo.**
Fonte: Agencia Tributaria

## 2.2.5.

Tanto en Galicia como no Estado o ingreso salarial medio bruto das mulleres é sensiblemente inferior ao dos homes. En Galicia os homes declaran un ingreso medio de 20.243 euros, o 96,3% da media estatal, en tanto que o das mulleres ascende ata os 15.730 euros, o 96,6% da percepción salarial media das mulleres en España. Tanto en Galicia como no Estado o diferencial salarial entre homes e mulleres sitúase en torno ao 22%, levemente superior ao do ano anterior.


A análise da distribución das persoas asalariadas segundo os seus ingresos salariais medios en relación ao Salario Mínimo Interprofesional (SMI), **cadro 2.2.5.**, reflicte que en torno ao 62% dos asalariados percibiron en 2016 uns ingresos inferiores ao salario medio en Galicia, sendo esta porcentaxe do 59% en 2008. O 18,5% dos asalariados, 183.106 asalariados, declara unha percepción salarial inferior á metade do SMI, o que equivale a un salario medio anual de 1.862 euros, o que contrasta co 0,4% de persoas asalariadas que declaran uns ingresos salariais de máis de dez veces o SMI.

No período 2008- 2016, o número de asalariados totais descende un 10,8%, rexistrándose só un incremento nos asalariados cun tramo salarial de ingresos inferiores á metade do SMI, con case 31 mil asalariados máis neste tramo de ingresos. No extremo oposto, descende o número de persoas que cobran dez veces máis que o SMI aínda que aumenta nun 35% os seus ingresos salariais medios. Asemade, cómpre destacar o aumento das diferencias salariais entre os dous extremos da serie, xa que en 2008 o ingreso medio das persoas que máis declaran equivale a 68 veces o dos que menos, mentres que en 2016 esta proporción era de 92 veces (84 no ano 2015).

No que se refire á distribución segundo grupos de idade, o **gráfico 2.2.6.** amosa que o ingreso salarial medio experimenta unha tendencia crecente ata a idade de xubilación. Xusto antes da mesma o ingreso medio ascendía ata os 23.520 euros en 2016, contía que descende ata os 10.259 anos a partir dos 65 anos. Tendo en conta que o salario mínimo interprofesional en 2016 ascende a 9.172,8 euros, os menores de 25 anos ingresan menos que o SMI, cando no ano 2008 isto só acontecía nos menores de 18 anos.

O ingreso salarial medio do ano 2016 é inferior ao declarado no ano 2008 en todos os grupos agás no de 56 a 65 anos (144 euros máis). Cómpre resaltar o forte descenso no salario medio declarados polas persoas maiores de 65 anos, cunha redución de máis do 32%

**Salario medio 2008 e 2016. Distribución segundo grupo de idade**




**(1) SMI en 2008: 8.400 € en 2016 a 9.172,80 €**
Fonte: Agencia Tributaria

## 2.2. 6.

**Asalariados (1) e salario medio por sectores: 2009-2016**

| | 2009 | | | | 2016 | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Asalariados | | Salario Medio Anual | | Asalariados | | Salario Medio Anual | |
| | | (%) | | (%) | | (%) | | (%) |
| **Agricultura, gandeiría, selvicultura e pesca** | 22.570 | 2,1 | 13.807 | 75,8 | 25.798 | 2,5 | 14.296 | 78,9 |
| **Industria extractiva, enerxía e auga** | 17.432 | 1,6 | 24.009 | 131,8 | 11.490 | 1,1 | 27.875 | 153,9 |
| **Industria** | 155.134 | 14,2 | 18.853 | 103,5 | 128.061 | 12,7 | 20.719 | 114,4 |
| **Construción e actividades inmobiliarias** | 132.698 | 12,1 | 16.361 | 89,8 | 76.086 | 7,5 | 16.971 | 93,7 |
| **Comercio, reparación e transportes** | 234.185 | 21,4 | 15.586 | 85,6 | 222.810 | 22,0 | 17.055 | 94,2 |
| **Información e comunicacións** | 24.513 | 2,2 | 21.111 | 115,9 | 19.378 | 1,9 | 22.970 | 126,8 |
| **Entidades financeiras e aseguradoras** | 29.705 | 2,7 | 31.938 | 175,3 | 22.305 | 2,2 | 32.025 | 176,8 |
| **Servizos ás empresas** | 120.271 | 11,0 | 14.326 | 78,6 | 126.779 | 12,5 | 14.056 | 77,6 |
| **Servizos sociais** | 259.149 | 23,7 | 24.510 | 134,5 | 258.566 | 25,6 | 22.797 | 125,9 |
| **Outros servizos persoais e de lecer** | 96.773 | 8,9 | 9.128 | 50,1 | 120.506 | 11,9 | 8.781 | 48,5 |
| **TOTAL** | 1.092.431 | 100 | 18.217 | 100 | 1.011.778 | 100 | 18.114 | 100 |

**(1) Asalariados; Todas aquelas persoas cuxas percepcións están declaradas na clave A (empregados por conta allea en xeral), que inclúe todas aquelas percepcións, dinerarias ou en especie, que teñan sido satisfeitas pola persoa ou entidade declarante en concepto de rendemento de traballo.**
Fonte: Agencia Tributaria

## 2.2. 7.

en relación a 2008 (4.927 euros menos), así como o declarado polas persoas menores de 25 anos, con 2.346 euros menos (–27%).

Finalmente, no que á distribución segundo ramas de actividade se refire, o **cadro 2.2.7.** indica que a actividade con ingresos salariais medios máis altos segue sendo a das entidades financeiras e aseguradoras, con 32.025 euros, máis do dobre do declarado no sector primario, cun salario medio de 14.296 euros brutos anuais.

Cinco ramas de actividade presenta uns ingresos salariais medios superiores ao salario medio anual en Galicia: Industria extractiva, enerxía e auga; industria; información e comunicacións; entidades financeiras e aseguradoras; e servizos sociais. Esas cinco actividades concentran o 43,5% dos asalariados en 2016, un punto porcentual menos que no ano 2009. ❑


2

# 2.3. Relacións laborais e formación

As relacións laborais e as políticas de formación para o emprego desenvólvense tendo en conta o citado contexto económico e laboral, con incrementos no número de convenios colectivos e de persoas traballadoras afectadas e con descensos no número de persoas afectadas por expedientes de regulación de emprego. Frontes a estes datos, salienta o incremento da conflitividade laboral, cun forte aumento na participación en folgas.

## Negociación colectiva

Seguindo coa tendencia de anos anteriores, en 2017 aumentou o número de convenios colectivos existentes en Galicia, xa sexan vixentes ou prorrogados tacitamente. Tal como mostra o **cadro 2.3.1.**, a 31 de decembro de 2017 os convenios colectivos ascendeu a 977, 32 máis que na mesma data do ano anterior, dos que 30 son de empresa e dous de sector. Segundo os datos do *Observatorio da negociación colectiva* do Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL), os 977 convenios colectivos afectan a 437.895 persoas traballadoras, o que supón unha medra de case 14.000 persoas en relación ao ano anterior.

No ano 2017 asináronse e revisáronse en Galicia 167 convenios (139 asinados e 28 revisados), que afectan a 201.189 persoas traballadoras, case 117 mil máis que no ano anterior. Segundo se reflicte no **cadro 2.3.2.**, dos 167 convenios asinados ou revisados, 30 corresponden a convenios de ámbito sectorial e afectan a 183.354 persoas e 137 son de empresa e afectan a 17.835 persoas traballadoras.

En 2017 asináronse por primeira vez un total de 34 convenios, tres máis que no ano anterior, 2 convenios de sector e 32 de empresa. Na provincia de Pontevedra asináronse 16 convenios por primeira vez que afectan a 440 traballadores e na provincia de A Coruña asináronse 6 que afectan a 446 persoas. O incremento dos convenios negociados por primeira vez é consecuencia de que no ano 2017 asínanse dous convenios de sector que afectan a 8.185 traballadores, mentres que os 32 convenios de empresa asinados por primeira vez afectan a 1.083 persoas traballadoras.

Recollen "pacto de ultraactividade", entendido este como o mantemento das condicións pactadas nos convenios colectivos, pese á finalización da súa vixencia, o

### Convenios colectivos existentes 2016-17 (1)

**2016**

| | Total | C.A. / Interprov. C.A. | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total** | 945 | 67 | 324 | 110 | 92 | 352 |
| **Sector** | 122 | 17 | 30 | 23 | 20 | 32 |
| **Empresa** | 823 | 50 | 294 | 87 | 72 | 320 |

**2017**

| | Total | C.A. / Interprov. C.A. | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total** | 977 | 68 | 330 | 116 | 96 | 367 |
| **Sector** | 124 | 19 | 30 | 23 | 20 | 32 |
| **Empresa** | 853 | 49 | 300 | 93 | 76 | 335 |

**(1) convenios colectivos, vixentes ou prorrogados tacitamente, a 31 de decembro de cada ano; no total inclúense tamén acordos reguladores**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, *Observatorio da negociación colectiva*

## 2.3. 1.

### Convenios colectivos e revisións salariais negociados con efectos para 2016-17

**2016**

| | Total convenios | | Asinados | | Revisados | | Negociados por 1ª vez | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | nº | traballadores | nº | traballadores | nº | traballadores | nº | traballadores |
| **Total** | 162 | 85.121 | 115 | 39.150 | 16 | 45.252 | 31 | 719 |
| **Sector** | 20 | 68.365 | 15 | 24.224 | 5 | 44.141 | - | - |
| **Empresa** | 142 | 16.756 | 100 | 14.926 | 11 | 1.111 | 31 | 719 |

**2017**

| | Total convenios | | Asinados | | Revisados | | Negociados por 1ª vez | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | nº | traballadores | nº | traballadores | nº | traballadores | nº | traballadores |
| **Total** | 201 | 210.457 | 139 | 163.027 | 28 | 38.162 | 34 | 9.268 |
| **Sector** | 32 | 191.539 | 22 | 152.363 | 8 | 30.991 | 2 | 8.185 |
| **Empresa** | 169 | 18.918 | 117 | 10.664 | 20 | 7.171 | 32 | 1.083 |

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, *Observatorio da negociación colectiva*

## 2.3. 2.

### Xornada media pactada na negociación colectiva 2016-17: distribución segundo sector económico

| | 2016 | 2017 |
|---|---|---|
| | *(en horas / ano)* | |
| **Total** | 1.737,88 | 1.770,18 |
| **Agricultura e pesca (1)** | - | 1.740,00 |
| **Industria** | 1.738,55 | 1.766,76 |
| **Construción** | 1.736,80 | 1.736,04 |
| **Servizos** | 1.742,16 | 1.787,18 |

**(1) non se asinaron convenios neste sector no 2016**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, *Observatorio da negociación colectiva*

## 2.3. 3.





**Tempo traballado nas CC.AA. 2008-17 (1): distribución segundo sector**

| | 2008 | | | | 2017 | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total (2) | Industria | Construción | Servizos | Total (2) | Industria | Construción | Servizos |
| | *(en horas pactadas/traballador/mes)* | | | | | | | |
| **Andalucía** | 154,8 | 164,8 | 166,9 | 150,3 | 147,1 | 160,5 | 164,2 | 144,1 |
| **Aragón** | 156,4 | 165,6 | 165,9 | 151,1 | 147,3 | 165,6 | 163,8 | 140,8 |
| **Asturias** | 154,4 | 164,1 | 166,5 | 149,3 | 149,2 | 160,7 | 166,5 | 145,2 |
| **Baleares** | 155,2 | 162,9 | 165,0 | 152,7 | 152,0 | 160,7 | 164,9 | 150,1 |
| **Canarias** | 160,2 | 167,1 | 168,8 | 158,1 | 154,3 | 162,3 | 162,8 | 153,3 |
| **Cantabria** | 155,8 | 163,8 | 168,0 | 150,7 | 151,5 | 163,7 | 164,9 | 147,6 |
| **Castela-A Mancha** | 157,3 | 166,3 | 169,4 | 151,1 | 147,0 | 162,3 | 162,8 | 141,4 |
| **Castela e León** | 153,3 | 165,7 | 168,6 | 146,8 | 147,3 | 163,7 | 163,3 | 141,9 |
| **Cataluña** | 156,4 | 165,5 | 165,5 | 152,4 | 149,9 | 165,0 | 161,8 | 146,0 |
| **C. Valenciana** | 157,3 | 164,9 | 165,2 | 153,2 | 148,0 | 162,3 | 163,6 | 143,4 |
| **Estremadura** | 156,6 | 165,9 | 167,2 | 152,8 | 143,9 | 160,8 | 165,6 | 140,1 |
| **Galicia** | 156,4 | 165,6 | 168,4 | 151,1 | 151,3 | 164,3 | 166,5 | 146,8 |
| **Madrid** | 158,1 | 165,1 | 167,3 | 155,9 | 152,9 | 165,6 | 165,3 | 151,0 |
| **Murcia** | 154,6 | 166,0 | 167,2 | 148,5 | 149,2 | 160,9 | 163,0 | 145,4 |
| **Navarra** | 151,7 | 161,9 | 163,6 | 144,1 | 147,7 | 163,0 | 159,0 | 139,9 |
| **País Vasco** | 151,5 | 158,7 | 163,2 | 147,1 | 147,0 | 160,9 | 160,7 | 141,9 |
| **A Rioxa** | 153,7 | 168,1 | 167,4 | 144,0 | 148,4 | 166,1 | 165,8 | 140,1 |
| **Total** | 156,1 | 164,7 | 166,7 | 152,2 | 149,6 | 163,2 | 163,8 | 146,1 |

**(1) media dos 4 trimestres do ano**
**(2) seccións B-S da CNAE-2009**
Fonte: INE, *Encuesta trimestral de coste laboral*

## 2.3.4.

90,9% dos convenios de sector asinados en 2017 e o 80,3% dos convenios de empresa.

O 7% dos convenios colectivos existentes no último ano (68 convenios) teñen un ámbito de aplicación superior ao provincial. Por outra banda, os convenios colectivos de ámbito estatal con aplicación en Galicia asinados ou revisados no ano 2017 ascenderon a 69 (38 empresa e 31 de ámbito sectorial) e afectan a un total de 79.681 persoas traballadoras.

O incremento salarial medio pactado nos convenios asinados ou revisados en 2017 –calculado en base ao incremento salarial en porcentaxe indicado nos convenios e tendo en conta as cláusulas de revisión salarial pactadas nos convenios asinados e revisados nese ano– foi do 1,57%. Este incremento é superior ao IPC galego de 2017 que foi do 1,2% e ao estatal que foi do 1,1%.

Recollen cláusulas de revisión salarial so 23,7% dos convenios asinados e o 14,3% dos revisados, o que supón que só se vexan afectadas por estas cláusulas o 50,9% das persoas traballadoras con convenio asinado no 2017 e o 9,4% con convenio revisado.

En Galicia a xornada media pactada, tendo en conta só os convenios que a regulan de xeito anual, increméntase no último ano para situarse nas 1.770,2 horas/ano, o que supón 32,3 horas/ano máis en relación 2016. Como ven acontecendo en anos anteriores, a xornada en convenios de empresa é máis reducida que nos de sectores (1.731,7 horas fronte a 1.774,1 horas, respectivamente).

Analizando a xornada media pactada nos distintos sectores, o **cadro 2.3.3.** indica que o sector servizos mantense como a actividade cunha maior xornada media pactada, con 1.787,2 horas, por diante da industria e da agricultura e pesca, con 1.766,8 e 1.740 horas, respectivamente.

Comparada co resto das Comunidades Autónomas, a Enquisa trimestral do custo laboral reflicte que Canarias é a Comunidade Autónoma co maior número de horas pactadas por traballador e mes, con 154,3 horas,

**Tempo de traballo segundo traballador e mes en Galicia e España 2016-17: distribución segundo tipo de xornada e sectores de actividade**

**2016**

| | Total | | Industria | | Construción | | Servizos | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | España | Galicia | España | Galicia | España | Galicia | España | Galicia |
| **Horas pactadas** | | | | | | | | |
| Total traballadores | 149,5 | 151,0 | 163,3 | 163,2 | 162,8 | 166,6 | 146,0 | 146,6 |
| Traballadores a tempo completo | 168,6 | 169,1 | 170,4 | 171,0 | 170,8 | 171,2 | 168,1 | 168,3 |
| Traballadores a tempo parcial | 88,0 | 86,3 | 90,8 | 98,8 | 84,2 | 77,9 | 87,9 | 85,2 |
| **Horas pagadas** | | | | | | | | |
| Total traballadores | 149,8 | 151,2 | 164,1 | 163,9 | 163,3 | 166,8 | 146,2 | 146,7 |
| Traballadores a tempo completo | 169,0 | 169,3 | 171,2 | 171,8 | 171,3 | 171,4 | 168,2 | 168,2 |
| Traballadores a tempo parcial | 88,5 | 86,7 | 91,0 | 99,0 | 84,2 | 77,9 | 88,4 | 85,6 |
| **Horas efectivas** | | | | | | | | |
| Total traballadores | 128,8 | 129,6 | 139,5 | 138,6 | 143,8 | 146,9 | 125,7 | 125,9 |
| Traballadores a tempo completo | 144,7 | 144,7 | 145,3 | 144,9 | 150,7 | 150,7 | 144,0 | 144,0 |
| Traballadores a tempo parcial | 77,7 | 76,0 | 80,4 | 85,8 | 76,6 | 72,5 | 77,6 | 75,1 |
| **Horas non traballadas** | | | | | | | | |
| Total traballadores | 21,4 | 21,9 | 24,9 | 25,9 | 19,6 | 20,1 | 20,8 | 21,0 |
| Traballadores a tempo completo | 24,6 | 25,0 | 26,2 | 27,4 | 20,9 | 20,8 | 24,6 | 24,7 |
| Traballadores a tempo parcial | 10,8 | 10,7 | 10,7 | 13,4 | 7,7 | 5,4 | 10,9 | 10,6 |
| **Horas extras por traballador** | | | | | | | | |
| Total traballadores | 0,7 | 0,4 | 1,0 | 0,9 | 0,6 | 0,4 | 0,6 | 0,3 |
| Traballadores a tempo completo | 0,7 | 0,4 | 1,1 | 1,0 | 0,6 | 0,4 | 0,6 | 0,3 |
| Traballadores a tempo parcial | 0,5 | 0,4 | 0,2 | 0,3 | 0,1 | - | 0,6 | 0,4 |

**2017**

| | Total | | Industria | | Construción | | Servicios | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | España | Galicia | España | Galicia | España | Galicia | España | Galicia |
| **Horas pactadas** | | | | | | | | |
| Total traballadores | 149,6 | 151,3 | 163,2 | 164,3 | 163,8 | 166,5 | 146,1 | 146,8 |
| Traballadores a tempo completo | 168,8 | 169,1 | 170,4 | 171,0 | 170,7 | 170,8 | 168,2 | 168,4 |
| Traballadores a tempo parcial | 88,2 | 84,9 | 91,7 | 104,8 | 85,9 | 69,3 | 88,0 | 83,2 |
| **Horas pagadas** | | | | | | | | |
| Total traballadores | 150,0 | 151,5 | 164,1 | 165,2 | 164,2 | 167,1 | 146,4 | 146,8 |
| Traballadores a tempo completo | 169,1 | 169,3 | 171,4 | 172,1 | 171,2 | 171,3 | 168,4 | 168,2 |
| Traballadores a tempo parcial | 88,7 | 85,3 | 91,9 | 105,0 | 85,9 | 69,2 | 88,5 | 83,6 |
| **Horas efectivas** | | | | | | | | |
| Total traballadores | 128,9 | 130,1 | 139,5 | 140,4 | 144,6 | 146,1 | 125,9 | 126,0 |
| Traballadores a tempo completo | 144,9 | 144,8 | 145,4 | 145,9 | 150,5 | 149,7 | 144,3 | 143,9 |
| Traballadores a tempo parcial | 77,9 | 75,0 | 81,3 | 92,7 | 77,8 | 62,3 | 77,7 | 73,4 |
| **Horas non traballadas** | | | | | | | | |
| Total traballadores | 21,4 | 22,0 | 24,9 | 25,3 | 19,9 | 21,2 | 20,8 | 21,2 |
| Traballadores a tempo completo | 24,6 | 25,0 | 26,4 | 26,8 | 20,9 | 21,8 | 24,5 | 24,8 |
| Traballadores a tempo parcial | 10,9 | 10,5 | 10,7 | 12,9 | 8,3 | 7,0 | 10,9 | 10,3 |
| **Horas extras por traballador** | | | | | | | | |
| Total traballadores | 0,7 | 0,6 | 1,2 | 1,2 | 0,6 | 0,7 | 0,6 | 0,4 |
| Traballadores a tempo completo | 0,7 | 0,6 | 1,3 | 1,2 | 0,7 | 0,8 | 0,6 | 0,4 |
| Traballadores a tempo parcial | 0,7 | 0,5 | 0,4 | 0,7 | - | - | 0,7 | 0,5 |

Fonte: INE, *Encuesta trimestral de coste laboral*

## 2.3.5.

seguidos por Madrid, Baleares, Cantabria e Galicia, que superan as 151 horas mensuais. No que á distribución sectorial se refire, Galicia xunto con Asturias é a Comunidade Autónoma onde o sector da construción presenta o maior número de horas pactadas, con 166,5 horas (163,8 no conxunto do Estado) (**cadro 2.3.4.**).

O número de horas mensuais efectivamente traballadas, entendidas como as realmente traballadas tanto en períodos normais de traballo como en xornadas extraordinarias incluíndo as horas perdidas no lugar de traballo, acadan en Galicia as 130,1 horas no ano 2017 (129,6 no ano anterior), fronte ás 128,9 horas no con-

**Inaplicacións rexistradas de convenios 2016-17** (1)

| | 2016 | | 2017 | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | | Total | | C.A. / Interprov. C.A. | | A Coruña | | Lugo | | Ourense | | Pontevedra | |
| | número | traball. | número | traball. | número | traball. | número | traball. | número | traball. | número | traball. | número | traball. |
| **Total** | 62 | 1.298 | 67 | 953 | 1 | 51 | 22 | 277 | 11 | 223 | 2 | 8 | 31 | 394 |
| **agricultura** | 1 | 18 | - | - | | | | | | | | | | |
| **industria** | 12 | 245 | 15 | 216 | | | 3 | 44 | | | 1 | 4 | 11 | 168 |
| **construción** | 5 | 29 | 1 | 1 | | | | | | | | | 1 | 1 |
| **servizos** | 44 | 1.006 | 51 | 736 | 1 | 51 | 19 | 233 | 11 | 223 | 1 | 4 | 19 | 225 |
| **número de traballadores** | | | | | | | | | | | | | | |
| **0-5** | 30 | | 23 | | | | 9 | | 4 | | 2 | | 8 | |
| **6-30** | 21 | | 39 | | | | 12 | | 6 | | | | 21 | |
| **31-49** | 6 | | 2 | | | | 1 | | | | | | 1 | |
| **50-100** | 2 | | 2 | | 1 | | | | | | | | 1 | |
| **101-250** | 2 | | 1 | | | | | | 1 | | | | | |
| **251-500** | 1 | | - | | | | | | | | | | | |
| **máis de 500** | - | | - | | | | | | | | | | | |

**(1) estas inaplicacións corresponden tan só a aqueles convenios de ámbito de comunidade autónoma ou provincial**
Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

## 2.3. 6.

xunto do Estado. Os traballadores a tempo completo teñen en Galicia 144,8 horas efectivamente traballadas, similar á media estatal, e os traballadores a tempo parcial, un total de 75 horas ao mes (77,9 horas no conxunto do Estado).

Tal como acontece en anos anteriores, o **cadro 2.3.5.** amosa que a construción é o sector de actividade con máis horas pactadas, pagadas e efectivas, seguido pola industria e os servizos.

Asociado ao aumento do 0,3% no número de horas efectivamente traballadas, o custo laboral total por hora increméntase un 1,6%, acadando un valor monetario de 17,64 euros, fronte aos 19,78 euros de media en España. O custo salarial ordinario por hora medra un 1,5%, situándose tamén por baixo da media estatal (11,34 euros e 12,73 euros, respectivamente).

Finalmente, un aspecto a ter en conta á hora de analizar os convenios colectivos é a súa inaplicación. Segundo os datos do CGRL no ano 2017 rexístrase un leve aumento no número de inaplicacións de convenios (67 fronte aos 62 do ano anterior) que vai acompañados dunha redución do número de traballadores afectados, 953 persoas traballadoras, un 26,6% menos que no ano anterior. No sector servizos rexistráronse 51 inaplicacións, seguido pola industria con 15, afectando a 736 e 216 persoas traballadoras respectivamente. Como amosa o **cadro 2.3.6.**, case 6 de cada dez inaplicacións de convenios rexistradas prodúcense nas empresas de 6 a 30 traballadores e un terzo en empresas de cinco ou menos traballadores.

En relación aos efectos das medidas de regulación de emprego, en Galicia no ano 2017 prodúcese un descenso moi significativo no número de persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación de emprego, con 3.339 persoas afectadas, a metade que no ano anterior e un 5,8% do total do Estado.

O número total de traballadores afectados por procedementos de despido colectivo, suspensión de contrato e redución de xornada comunicados á autoridade laboral no ano 2017 en Galicia foi de 1.038, 1.949 e 352 persoas, respectivamente. Estas cifras supoñen un descenso en relación ao ano anterior do 38,9%, 54,7% e 48,5% en cada caso.

Os datos facilitados pola Consellería de Traballo e Benestar indican que o número de procedementos de regulación de emprego pactados en Galicia volveu a

**Traballadores afectados polos expedientes de regulación de emprego autorizados nas CC.AA. 2016-17**

| | 2016 | | 2017 | |
|---|---|---|---|---|
| | Galicia | España | Galicia | España |
| **Total** | 6.686 | 86.576 | 3.339 | 57.497 |
| **Despidos colectivos** | 1.699 | 24.348 | 1.038 | 20.813 |
| **Suspensión de contratos** | 4.303 | 53.658 | 1.949 | 28.257 |
| **Reducción de xornada** | 684 | 8.570 | 352 | 8.427 |

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Estadística de regulación de empleo*

## 2.3. 7.

**Procedementos de regulación de emprego 2016-17** (1)

| | Pactados | | | Non pactados | | | Sen período de consultas | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2016 | 2017 | 17/16 | 2016 | 2017 | 17/16 | 2016 | 2017 | 17/16 |
| **Galicia** | 255 | 164 | -35,7 | 21 | 21 | 0,0 | 148 | 20 | -86,5 |
| **A Coruña** | 66 | 39 | -40,9 | 8 | 14 | 75,0 | 22 | 5 | -77,3 |
| **Lugo** | 22 | 11 | -50,0 | - | - | - | 2 | 4 | 100,0 |
| **Ourense** | 14 | 11 | -21,4 | 2 | 1 | -50,0 | 1 | 1 | 100,0 |
| **Pontevedra** | 147 | 96 | -34,7 | 10 | 6 | -40,0 | 123 | 10 | -91,9 |
| **Autonómicos** | 6 | 7 | 16,7 | 1 | - | - | - | - | - |

**(1) Pactados: aqueles expedientes nos que se acada un acordo no período de consultas entre empresa e a representación dos traballadores; Non pactados: aqueles nos que non se acada un acordo no período de consultas entre a empresa e a representación dos traballadores; Sen período de consultas: aqueles expedientes que se xustifican en causas de forza maior, nos que a normativa non establece a obrigatoriedade dun período de consultas.**

Fonte: Consellería Economía, Emprego e Industria, *Estatísticas de expedientes de regulación de emprego*

## 2.3. 8.

descender de xeito significativo no último ano, acadando os 164 procedementos, case un 36% menos que o rexistrado no ano anterior. Asemade, mantense estable en 21 o número de procedementos non pactados, e redúcense de xeito moi importante os procedementos sen período de consultas, que son aqueles expedientes que se xustifican en causas de forza maior, nos que a normativa non establece a obrigatoriedade dun período de consultas, que pasan de 148 no ano 2016 a 20 no último ano.

A pesar do forte descenso do 60%, a provincia de Pontevedra segue a ser a que presenta o maior número de expedientes, con 112, seguida de A Coruña con 58 (39,6% menos que no ano anterior). Un ano máis, como se indica no **cadro 2.3.8.**, todas as provincias volven a presentar unha diminución do número de procedementos de regulación do emprego.

### Conflitividade laboral

A análise da conflitividade laboral por folgas realízase sobre os datos de xaneiro a decembro publicados na *Estatística de folgas e peches patronais* do MEYSS. No ano 2017 realizáronse 76 folgas, 19 máis que no ano anterior, sendo a sexta cifra máis elevada dos últimos vinte anos.

Nos conflitos de 2017 participaron 39.977 persoas, case catro veces máis que no ano anterior, o que impulsou ata as 169 mil as xornadas non traballadas en 2017 cando no ano 2016 só foron 17 mil.

Tras esta evolución, Galicia acolle o 1,5% dos traballadores participantes en folgas en España e o 5,1% das xornadas non traballadas (0,4% e 0,6% respectivamente no ano anterior). Con este incremento no nú-

**Folgas nas CC.AA. 2016-17**

| | 2016 | | | | 2017 | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | traballadores participantes | | xornadas non traballadas | | traballadores participantes | | xornadas non traballadas | |
| | | (%) | | (%) | | (%) | | (%) |
| Andalucía | 13.205 | 0,5 | 36.656 | 1,2 | 11.005 | 0,4 | 36.337 | 1,2 |
| Aragón | 4.646 | 0,2 | 13.058 | 0,4 | 1.400 | 0,1 | 3.748 | 0,1 |
| Asturias | 1.425 | 0,1 | 2.250 | 0,1 | 5.635 | 0,2 | 16.514 | 0,5 |
| Baleares | 251 | 0,0 | 590 | 0,0 | 1.110 | 0,0 | 1.628 | 0,1 |
| Canarias | 1.012 | 0,0 | 2.926 | 0,1 | 1.206 | 0,0 | 6.142 | 0,2 |
| Cantabria | 714 | 0,0 | 1.448 | 0,0 | 1.753 | 0,1 | 2.269 | 0,1 |
| Castela-A Mancha | 1.384 | 0,1 | 2.754 | 0,1 | 3.682 | 0,1 | 5.430 | 0,2 |
| Castela e León | 2.833 | 0,1 | 4.283 | 0,1 | 4.366 | 0,2 | 8.987 | 0,3 |
| Cataluña | 59.512 | 2,2 | 94.449 | 3,0 | 2.535.243 | 92,8 | 2.584.661 | 83,4 |
| C. Valenciana | 2.417 | 0,1 | 11.166 | 0,4 | 6.564 | 0,2 | 28.274 | 0,9 |
| Estremadura | 303 | 0,0 | 920 | 0,0 | 795 | 0,0 | 1.694 | 0,1 |
| Galicia | 11.866 | 0,4 | 17.365 | 0,6 | 39.977 | 1,5 | 159.566 | 5,1 |
| Madrid | 64.135 | 2,3 | 117.942 | 3,8 | 50.106 | 1,8 | 128.678 | 4,2 |
| Murcia | 1.557 | 0,1 | 5.100 | 0,2 | 7.486 | 0,3 | 10.692 | 0,3 |
| Navarra | 4.264 | 0,2 | 18.881 | 0,6 | 1.956 | 0,1 | 4.750 | 0,2 |
| País Vasco | 13.579 | 0,5 | 59.095 | 1,9 | 59.389 | 2,2 | 100.636 | 3,2 |
| A Rioxa | 17 | 0,0 | 29 | 0,0 | 345 | 0,0 | 567 | 0,0 |
| Ceuta e Melilla | - | - | - | - | 5 | 0,0 | 16 | 0,0 |
| **Total** | 183.120 | 7 | 388.912 | 13 | 2.732.023 | 100 | 3.100.589 | 100 |

**(1) o total de folgas non coincide coa suma das CC.AA. porque a cada provincia se lle asigna, ademais das folgas do seu propio ámbito territorial, as folgas de ámbito autonómico e estatal.**

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Estadística de huelgas y cierres patronales*

**2.3.9.**

mero de folgas, traballadores participantes e xornadas non traballadas, en 2017 Galicia é a cuarta Comunidade Autónoma, por detrás de Cataluña, País Vasco e Madrid, en número de traballadores participantes en folgas e a segunda, só por detrás de Cataluña, en número de xornadas non traballadas.

## Seguridade e saúde no traballo

Segundo mostran os datos do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia no ano 2017 rexístrase un incremento do 9,2% no total de accidentes de traballo con baixa laboral, acadando os 27.286 sinistros. Este incremento prodúcese nas catro provincias e en todos os sectores, agás na pesca.

A provincia de A Coruña é onde máis accidentes se rexistran, con un total de 11.812 accidentes con baixa en xornada de traballo, por diante de Pontevedra con 9.770 accidentes.

O aumento no número de accidentes rexistrouse só no caso dos accidentes leves, descendendo tanto os accidentes graves coma os mortais. No ano 2017, os accidentes leves aumentan en Galicia un 9,7% (4.365 accidentes máis), os mortais diminuíron un 24,6% (14 menos) e os accidentes graves reducíronse un 11,9% (59 accidentes menos).

A distribución sectorial dos accidentes mostra como o sector servizos é a actividade con maior número de accidentes laborais con baixa en xornada de traballo en Galicia, ao concentrar case a metade dos accidentes, con 13.436 accidentes, seguido polo sector industrial, que rexistrou 8.221 accidentes (o 30,1%), e a construción, con 3.312 accidentes (o 12,1% dos accidentes en Galicia).

Tal como se sinala anteriormente, os accidentes leves incrementáronse notablemente no ano 2017, ata os 26.806, 2.365 máis que en 2016. O 49,5% do total de accidentes leves con baixa en xornada laboral prodúcense no sector servizos, máis son os sectores da industria e a construción onde os accidentes leves se incrementa por riba da media galega cun 13,3% e un 14,8% de aumento respectivamente en relación ao ano anterior.

No ano 2017, o número de accidentes graves con baixa laboral caeron ata os 437, 59 menos que no ano ante-

**Accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo 2016-17: distribución segundo a gravidade e sector económico**

| | Totais | | | Leves | | | Graves | | | Mortais | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2016 | 2017 | 17/16 (%) | 2016 | 2017 | 17/16 (%) | 2016 | 2017 | 17/16 (%) | 2016 | 2017 | 17/16 (%) |
| **Total** | 24.994 | 27.286 | 9,2 | 24.441 | 26.806 | 9,7 | 496 | 437 | -11,9 | 57 | 43 | -24,6 |
| **A Coruña** | 11.438 | 11.812 | 3,3 | 11.230 | 11.659 | 3,8 | 186 | 141 | -24,2 | 22 | 12 | -45,5 |
| **Lugo** | 2.701 | 2.832 | 4,9 | 2.625 | 2.750 | 4,8 | 62 | 74 | 19,4 | 14 | 8 | -42,9 |
| **Ourense** | 2.633 | 2.872 | 9,1 | 2.579 | 2.821 | 9,4 | 49 | 46 | -6,1 | 5 | 5 | 0,0 |
| **Pontevedra** | 8.222 | 9.770 | 18,8 | 8.007 | 9.576 | 19,6 | 199 | 176 | -11,6 | 16 | 18 | 12,5 |
| **Sectores** | | | | | | | | | | | | |
| **Agricultura** | 1.202 | 1.302 | 8,3 | 1.142 | 1.240 | 8,6 | 55 | 58 | 5,5 | 5 | 4 | -20,0 |
| **Pesca** | 1.062 | 1.015 | -4,4 | 992 | 962 | -3,0 | 58 | 47 | -19,0 | 12 | 6 | -50,0 |
| **Industria** | 7.282 | 8.221 | 12,9 | 7.163 | 8.118 | 13,3 | 108 | 99 | -8,3 | 11 | 4 | -63,6 |
| **Construción** | 2.901 | 3.312 | 14,2 | 2.811 | 3.226 | 14,8 | 85 | 73 | -14,1 | 5 | 13 | 160,0 |
| **Servizos** | 12.547 | 13.436 | 7,1 | 12.333 | 13.260 | 7,5 | 190 | 160 | -15,8 | 24 | 16 | -33,3 |

Fonte: Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, *Información estatística de siniestralidade laboral*

## 2.3. 10.

**Índices de incidencia dos accidentes de traballo nas CC.AA. 2016-17 (1)**

| | Accidentes con baixa | | Accidentes mortais | |
|---|---|---|---|---|
| | 2016 | 2017 | 2016 | 2017 |
| **Andalucía** | 3.684 | 3.797 | 3,7 | 4,2 |
| **Aragón** | 3.097 | 3.202 | 3,9 | 5,5 |
| **Asturias** | 3.460 | 3.381 | 2,4 | 3,4 |
| **Baleares** | 4.804 | 4.967 | 1,1 | 2,7 |
| **Canarias** | 3.631 | 3.586 | 2,1 | 2,4 |
| **Cantabria** | 2.963 | 2.995 | 2,9 | 6,9 |
| **Castela-A Mancha** | 4.069 | 4.093 | 5,3 | 4,9 |
| **Castela e León** | 3.199 | 3.280 | 4,1 | 4,8 |
| **Cataluña** | 3.176 | 3.134 | 2,5 | 1,8 |
| **C. Valenciana** | 2.950 | 3.077 | 2,9 | 3,6 |
| **Estremadura** | 3.512 | 3.722 | 4,0 | 3,6 |
| **Galicia** | 3.119 | 3.399 | 7,3 | 5,5 |
| **Madrid** | 2.722 | 2.707 | 2,1 | 1,4 |
| **Murcia** | 3.418 | 3.535 | 4,8 | 5,4 |
| **Navarra** | 3.376 | 3.513 | 2,7 | 2,6 |
| **País Vasco** | 3.417 | 3.506 | 4,0 | 2,9 |
| **A Rioxa** | 3.491 | 3.646 | 7,1 | 6,9 |
| **Ceuta** | 3.276 | 3.237 | - | - |
| **Melilla** | 3.257 | 3.174 | - | - |
| **Total** | 3.274 | 3.334 | 3,3 | 3,2 |

**(1) Índice de incidencia: accidentes x 100.000 / afiliados a réximes da S.S. coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta**

**Índice de incidencia accidentes mortais: accidentes mortais x 100.000 / afiliados a réximes da S.S. coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta**

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

## 2.3. 11.

**Índices de incidencia dos accidentes de traballo con baixa 2016-17: distribución segundo sector**

**2016**

| | Galicia | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| **Total** | 3.185,65 | 3.359,53 | 2.847,29 | 3.339,80 | 3.040,47 |
| **Agricultura** | 3.709,42 | 3.833,02 | 3.397,14 | 4.449,09 | 3.656,63 |
| **Pesca** | 5.702,32 | 9.858,61 | 6.477,73 | - | 3.816,28 |
| **Industria** | 5.885,40 | 6.039,95 | 4.674,17 | 6.049,96 | 5.957,09 |
| **Construción** | 5.909,67 | 6.458,44 | 5.692,18 | 7.045,33 | 4.701,38 |
| **Servizos** | 2.237,60 | 2.398,43 | 2.101,65 | 2.293,46 | 2.051,74 |

**2017**

| | Galicia | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| **Total** | 3.390,12 | 3.381,34 | 2.932,10 | 3.583,59 | 3.504,18 |
| **Agricultura** | 4.115,17 | 3.841,05 | 3.931,10 | 4.656,79 | 4.710,21 |
| **Pesca** | 5.422,30 | 8.726,64 | 5.467,72 | - | 3.989,34 |
| **Industria** | 6.459,85 | 6.266,81 | 4.910,20 | 7.205,17 | 6.789,29 |
| **Construción** | 6.635,94 | 6.935,18 | 5.635,26 | 6.700,07 | 6.522,61 |
| **Servizos** | 2.327,24 | 2.367,05 | 2.134,71 | 2.405,89 | 2.316,69 |

Fonte: Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, *Información estatística de siniestralidade laboral*

## 2.3.12.

rior, dos que máis do 36,6% acontecen no sector servizos. En todos os sectores, descende o número de accidentes graves agás na agricultura. Finalmente, no que respecta aos accidentes mortais, tal como se cita anteriormente, este redúcense en 14 en relación a 2016, rexistrándose 43 accidentes mortais en 2017; a nivel sectorial salienta o descenso destes accidentes en todos os sectores produtivos agás na construción onde se producen 13 accidentes mortais fronte aos 5 do ano anterior.

O índice de incidencia da sinistralidade laboral, que relaciona o número total de accidentes en xornada de traballo con baixa co número medio de afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta, segundo os datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, acadou en Galicia os 3.399 accidentes por cada cen mil traballadores afiliados, cifra superior á media estatal (3.119 accidentes). Tendo en conta que esta rateo increméntase en relación ao ano anterior, o **cadro 2.3.11.** reflicte que en relación ao resto das CC.AA. Galicia situase en torno á media en termos de índice de incidencia, levemente por encima do índice medio do Estado que no ano 2017 foi de 3.334 accidentes con baixa  por cada 100.000 traballadores afiliados coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta.

Atendendo á súa distribución sectorial, o sector pesqueiro rexistra unha evolución contraria ao resto dos sectores, ao reducirse o seu índice de incidencia dos accidentes de traballo nun 4,9% en relación ao ano anterior. No resto de sectores aumenta o índice de incidencia, salientando a actividade da construción no que se incrementa o índice de incidencia nun 12,3%, manténdose como o sector co valor máis alto, con 6.635,9 accidentes por cada cen mil afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta. Séguenlle en importancia a industria, que acada un índice de incidencia de 6.459,8 accidentes por cada cen mil afiliacións (9,8%).

A evolución das baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias comúns e profesionais, **cadro 2.3.13.**, mostra como o número medio de procesos iniciados en 2017 é novamente superior aos iniciados no ano anterior tanto no caso de baixas por continxencias profesionais, como no de continxencias comúns. Así mesmo, aumenta a incidencia media por cada mil traballadores protexidos en continxencias comúns e en continxencias profesionais.

**Baixas laborais derivadas de incapacidade temporal nas CC.AA. 2016-17: continxencias comúns e profesionais**

**CONTINXENCIAS COMÚNS**

| | Duración media dos procesos con alta | | Incidencia media mensual por cada 1.000 traballadores protexidos | | Número medio mensual de procesos iniciados | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2016 | 2017 | 2016 | 2017 | 2016 | 2017 |
| | *(en días / ano)* | | *(%)* | | | |
| **Galicia** | 61,92 | 63,56 | 16,09 | 16,87 | 12.735 | 13.567 |
| **A Coruña** | 57,72 | 60,04 | 17,02 | 17,54 | 5.844 | 6.137 |
| **Lugo** | 72,51 | 76,93 | 13,29 | 14,17 | 1.172 | 1.263 |
| **Ourense** | 62,50 | 66,61 | 14,74 | 15,06 | 1.175 | 1.201 |
| **Pontevedra** | 64,44 | 63,81 | 16,22 | 17,40 | 4.544 | 4.966 |
| **Total** | 38,46 | 38,97 | 21,54 | 22,77 | 326.757 | 355.784 |

**CONTINXENCIAS PROFESIONAIS**

| | Duración media dos procesos con alta | | Incidencia media mensual por cada 1.000 traballadores protexidos | | Número medio mensual de procesos iniciados | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2016 | 2017 | 2016 | 2017 | 2016 | 2017 |
| | *(en días / ano)* | | *(%)* | | | |
| **Galicia** | 51,00 | 50,36 | 3,37 | 3,47 | 2.718 | 2.838 |
| **A Coruña** | 50,26 | 49,27 | 3,32 | 3,44 | 1.166 | 1.228 |
| **Lugo** | 63,80 | 65,55 | 2,79 | 2,88 | 272 | 283 |
| **Ourense** | 48,64 | 48,01 | 3,20 | 3,47 | 261 | 284 |
| **Pontevedra** | 49,00 | 48,23 | 3,70 | 3,72 | 1.019 | 1.042 |
| **Total** | 36,71 | 37,29 | 3,42 | 3,48 | 51.149 | 53.405 |

Fonte: Secretaría de Estado de la Seguridad Social, *Incapacidad temporal*

## 2.3.13.

No último ano Galicia é a segunda Comunidade Autónoma, por detrás de Cantabria, coa duración media máis elevada de toda España no caso das devanditas baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias profesionais, con 50,36 días de media. No concernente ás continxencias comúns, en 2017 Galicia é a primeira Comunidade en duración dos procesos con 63,56 días, fronte aos 38,97 días de media no conxunto do Estado.

Finalmente, no que respecta ás enfermidades profesionais, entendidas como as contraídas a consecuencia do traballo executado por conta allea nas actividades que se especifiquen no cadro que se aprobe polas disposicións de aplicación e que veña provocada pola acción dos elementos ou substancias que en dito cadro se indiquen para cada enfermidade profesional.

O **cadro 2.3.14.** mostra as enfermidades profesionais por grupos e sectores de actividade no ano 2017 en Galicia. Así, dun total de 1.491 casos rexistrados, 845 cursaron baixa laboral, sendo o sector industrial, con 750, seguido do sector servizos, con 629, as ramas de actividade onde máis casos se rexistran. O sector industrial segue sendo o que presenta máis casos de enfermidades profesionais que causan baixa laboral, con 403 casos dos devanditos 845, mentres que no caso do sector servizos as enfermidades profesionais que causaron baixa foron 379.

### Políticas de formación para o emprego

Finalizada a vixencia da Estratexia Española de Activación para o Emprego 2014-2016, as políticas activas de emprego artéllanse en base á nova Estratexia Española

**Enfermidades profesionais 2017: distribución segundo sexo e sectores de actividade** (1)

**Homes**

| | Agricultura | Pesca | Industria | Construción | Servizos |
|---|---|---|---|---|---|
| **Total** | 17 | 19 | 496 | 64 | 169 |
| **Grupo I** | 1 | - | 10 | 1 | 5 |
| **Grupo II** | 6 | 19 | 323 | 47 | 137 |
| **Grupo III** | 2 | - | 1 | 1 | 5 |
| **Grupo IV** | 5 | - | 152 | 12 | 12 |
| **Grupo V** | 3 | - | 6 | 3 | 10 |
| **Grupo VI** | - | - | 4 | - | - |

**Mulleres**

| | Agricultura | Pesca | Industria | Construción | Servizos |
|---|---|---|---|---|---|
| **Total** | 8 | 1 | 254 | 3 | 460 |
| **Grupo I** | - | - | 11 | - | 10 |
| **Grupo II** | 5 | 1 | 214 | 3 | 370 |
| **Grupo III** | 1 | - | - | - | 44 |
| **Grupo IV** | 1 | - | 21 | - | 4 |
| **Grupo V** | 1 | - | 8 | - | 32 |
| **Grupo VI** | - | - | - | - | - |

**(1) Grupo I: Enfermidade profesionais causadas por axentes químicos**
**Grupo II: Enfermidade profesionais causadas por axentes físicos**
**Grupo III: Enfermidade profesionais causadas por axentes biolóxicos**
**Grupo IV: Enfermidade profesionais causadas por inhalación de sustancias e axentes non comprendidos noutros apartados**
**Grupo V: Enfermidade profesionais da pel causadas por sustancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados**
**Grupo VI: Enfermidade profesionais causadas por axentes carcinóxenos**
Fonte: Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, *Información estatística das enfermidades profesionais*

## 2.3. 14.

de Activación para el Emprego que se estenderá ao período 2017-2020 (Real Decreto 1032/2017, de 15 de decembro).

Esta nova Estratexia 2017-2020 establece entre outros, uns obxectivos estratéxicos ou prioritarios, que se agrupan nos seis Eixes das políticas de activación para el emprego recollidos artigo 10 do texto refundido da Lei de Emprego.

Como importante novidade da nova Estratexia no ámbito das políticas de formación para o emprego, é que se determina en detalle o ciclo de preparación, execución e avaliación de cada Plan Anual de Política de Emprego, que se desenvolverá ao longo de tres años, de forma que cada ano natural se superporán varios ciclos distintos.

En decembro de 2017 apróbase o Plan Anual de Políticas de Emprego 2017, asumindo os novos obxectivos da Estratexia Española de Activación para o emprego 2017-2020. Os obxectivos estratéxicos do Plan Anual de Emprego 2017 son os de favorecer a empregabilidade dos mozos e mozas menores de 30 anos, así como doutros colectivos especialmente afectados polo paro de longa duración; mellorar a calidade da Formación Profesional para o Emprego, especialmente en materia de formación dual; promover a activación dos beneficios de prestacións por desemprego e impulsar o emprendemento como parte inseparable da activación dos desempregados e da recuperación do emprego. A dotación orzamentaria para este Plan é de 5,6 millóns de euros, dos que 5,2 millóns diríxense aos eixes 1, 2 e 3, de orientación, formación e oportunidades de emprego.

### Cursos do Plan AFD 2017 en centros autorizados de iniciativa privada

| | Cursos | | Alumnos | | Orzamentos | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | (%) | | (%) | (euros) | (%) |
| **Total** | 51 | 100 | 790 | 100 | 621.777,00 | 100 |
| **A Coruña** | 19 | 37,3 | 266 | 33,7 | 196.476,00 | 31,6 |
| **Lugo** | 8 | 15,7 | 127 | 16,1 | 132.714,00 | 21,3 |
| **Ourense** | 14 | 27,5 | 239 | 30,3 | 134.775,00 | 21,7 |
| **Pontevedra** | 10 | 19,6 | 158 | 20,0 | 157.812,00 | 25,4 |
| **Total** | 51 | 100 | 790 | 100 | 621.777,00 | 100 |
| **Formación Complementaria** | 41 | 80,4 | 623 | 78,9 | 368.850,00 | 59,3 |
| **Hostalería e Turismo** | 4 | 7,8 | 69 | 8,7 | 97.707,00 | 15,7 |
| **Imaxe Persoal** | 1 | 2,0 | 14 | 1,8 | 26.676,00 | 4,3 |
| **Servizos Socioculturais e á Comunidade** | 3 | 5,9 | 51 | 6,5 | 63.588,00 | 10,2 |
| **Transporte e Mantemento de Vehículos** | 2 | 3,9 | 33 | 4,2 | 64.956,00 | 10,4 |

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria

## 2.3. 15.

### Cursos do Plan AFD 2017 en centros propios (1)

| | Cursos | Alumnos | Orzamentos |
|---|---|---|---|
| | | | (en euros) |
| **Total** | | | |
| **A Coruña** | 91 | 1.357 | 4.332.046,80 |
| **Lugo** | 31 | 422 | 1.463.692,92 |
| **Ourense** | 26 | 404 | 1.278.115,50 |
| **Pontevedra** | 38 | 564 | 1.901.652,73 |
| **Distribución sectorial** | | | |
| **Administración e Xestión** | 3 | 45 | 180.120,78 |
| **Agraria** | 19 | 277 | 795.618,75 |
| **Artes Gráficas** | 1 | 17 | 37.558,02 |
| **Comercio e Marketing** | 2 | 29 | 97.075,74 |
| **Edificación e Obra Civil** | 5 | 66 | 307.400,19 |
| **Electricidade e Electrónica** | 22 | 334 | 905.850,26 |
| **Enerxía e Auga** | 7 | 106 | 434.242,71 |
| **Fabricación Mecánica** | 13 | 196 | 779.844,88 |
| **Hostalería e Turismo** | 15 | 227 | 542.062,02 |
| **Imaxe Persoal** | 6 | 90 | 164.997,69 |
| **Industrias Alimentarias** | 2 | 31 | 88.312,14 |
| **Industrias Extractivas** | 1 | 11 | 76.458,00 |
| **Informática e Comunicacións** | 12 | 182 | 733.157,37 |
| **Instalación e Mantemento** | 18 | 273 | 1.062.698,28 |
| **Madeira, Moble e Cortiza** | 12 | 169 | 530.246,70 |
| **Sanidade** | 3 | 44 | 190.865,82 |
| **Seguridade e Medio Ambiente** | 2 | 30 | 106.361,25 |
| **Servizos Socioculturais e á Comunidade** | 18 | 273 | 724.489,78 |
| **Transporte e Mantemento de Vehículos** | 25 | 347 | 1.218.147,57 |

**(1) Centros da propia Consellería**

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria

## 2.3. 16.

**Actuacións para o fomento do emprego e estabilidade laboral 2017: distribución segundo sexo e idade**

| | Beneficiarios | Homes | Mulleres | < 30 anos | 31-44 anos | > 45 anos |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Dir. Xral de Orientación de Promoción Laboral** | **12.669** | **6.050** | **6.619** | **3.753** | **4.975** | **3.941** |
| **Con medios propios** | 3.601 | 2.440 | 1.161 | 1.205 | 1.399 | 997 |
| **Dirixidas prioritariamente a desempregados AFD 2017** | 8.818 | 3.509 | 5.309 | 2.319 | 3.563 | 2.936 |
| **Inscritas no ficheiro de garantía xuvenil, AFD POEX 2017** | 225 | 80 | 145 | 219 | 6 | 0 |
| **Con compromiso de contratación en empresas, UFE 2017** | 25 | 21 | 4 | 10 | 7 | 8 |
| **Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia** | **482** | **391** | **91** | | | |
| **Cursos de formación de ocupados CNTG** | 482 | 391 | 91 | | | |

Fonte: Consellería de economía, Emprego e Industria

**2.3.17.**

## Formación profesional para o emprego

O 5 de xullo de 2017 apróbase o Real Decreto 694/2017, polo que se desenvolve a Lei 30/2015, de 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o Emprego no ámbito laboral.

O sistema de formación profesional para o emprego regulado nesta lei dará cobertura a empresas e traballadores de calquera parte do territorio do Estado español. No Capítulo III da dita lei 30/2015, establécense as modalidades de formación profesional para o emprego, en particular:

1.- A formación programadas polas empresas para os seus traballadores.
2.- A oferta formativa das administración competentes para os traballadores ocupados, constituída polos programas de formación sectoriais e os programas de formación transversais, así como os programas de cualificación e recoñecemento profesional
3.- A oferta formativa das administracións competentes para traballadores desempregados, que inclúe os programas de formación dirixidos a cubrir as necesidades detectadas polos servizos públicos de emprego, os programas específicos de formación e os programas formativos con compromisos de contratación
4.- Outras iniciativas de formación profesional para o emprego

No que respecta ás accións formativas realizadas no ano 2017 só dispoñemos de datos de accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas desempregadas (AFD) dispensada tanto en centros autorizados de iniciativa privada como en centros da propia Consellería de Economía, Emprego e Industria. Esta é unha política activa de emprego que ofrece cursos de formación gratuítos para persoas traballadoras desempregadas co obxecto de dotalos de cualificación e facilitar a súa integración no mercado laboral, no último ano programáronse un total de 51 accións en centros de iniciativa privada, cun orzamento total de 622 mil euros, aos que asistiron 790 persoas e 186 cursos en centros propios, cun orzamento de case 9 millóns de euros, aos que asistiron 2.747 alumnos.

As principais accións formativas nos centros de iniciativa privada son as que pertencen á formación complementaria con 41 cursos e 623 alumnos, en torno ao 80% do total (**cadro 2.3.15.**).

Tal como se sinalou anteriormente, con cargo ao orzamento do plan AFD impartíronse, na programación do ano 2017, un total de 186 cursos de formación profesional para o emprego en centros de titularidade da Xunta de Galicia. Estes cursos prográmanse principalmente na provincia da Coruña con 91 cursos e 1.357 alumnos. (**cadro 2.3.16**.). Atendendo á distribución sectorial da programación destes cursos, as actividades máis importantes, en canto á súa dotación orzamentaria, son as de “Transporte e Mantemento de Vehículos” “Instalación e Mantemento” e “Electricidade e electrónica”, que concentran o 36% do orzamento total. ❑


2